

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 25 de maio de 2006**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que se celebrará o vindeiro xoves, día 25 de maio de 2006, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- [1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 5/06, do 27 de abril.](#)
- [2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 6.848 á nº 8.278.](#)

Cooperación e Asistencia aos Concellos

- [3.- Aprobación da ampliación do plan complementario ao POL 2006.](#)
- [4.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Acondicionamento de naves na feira do Trece” do Concello de Narón, incluída no POL 2005. Código 05.2300.0172.0.](#)
- [5.- Informe sobre a modificación dos estatutos da mancomunidade “Comarca de Fisterra”.](#)

Infraestruturas Viarias :Vías e Obras Provinciais

- [6.- Aprobación técnica do proxecto que integrará o programa de actuación nas estradas provinciais 2006 \(canalización do Río Maior ao seu paso baixo a E.P. 0813 Sada a Armuño\).](#)
- [7.- Aprobación da modificación do presuposto de contrata das obras incluídas no proxecto complementario nº 1 do proxecto modificado do acondicionamento e mellora da estrada de San Lorenzo \(Campus Sur de Santiago de Compostela\).](#)
- [8.- Aprobación do Plan de vías provinciais 2006, 2ª fase, integrado polo proxecto de mellora das condicións de seguridade da estrada de San Lourenzo \(Campus de Santiago de Compostela\).](#)
- [9.- Posta en coñecemento da relación das obras que se van incluír na programación do Plan de travesías provinciais 2004-2007, 3ª fase.](#)
- [10.- Aprobación técnica do proxecto de ampliación e mellora do trazado da E.P. 0810 de Guiliade a Guísamo, e que substitúe ao proxecto de ampliación e mellora do trazado da E.P. 0810 de Guiliade a Guísamo do PK 4.260 ao 4.860 aprobado polo Pleno o 28/05/04 e solicitude á Xunta de Galicia da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.](#)

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- [11.- Aprobación do programa de financiamento das obras do Dolmen de Dombate \(proxecto de edificación de protección sobre o Dolmen de Dombate\).](#)
- [12.- Aprobación das bases reguladoras do Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2006.](#)
- [13.- Aprobación da modificación do financiamento da obra “Piscina climatizada cuberta en Rianxo PL”, do Concello de Rianxo, incluída na primeira fase do Plan de](#)

piscinas cubertas climatizadas para concellos da provincia cunha poboación superior aos 10.000 habitantes 2005-2006. Código 2005.3210.0002.0.

14.- Aprobación da 3ª fase da anualidade 2004 da primeira programación plurianual das obras que contratará a deputación, incluídas no IV Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais. Código 2004.7450.0017.0.

15.- Modificación do financiamento dos honorarios de dirección correspondentes ao proxecto da obra “Complexo deportivo en Estramundi”, do Concello de Padrón, incluída na 2ª fase da primeira programación plurianual das obras incluídas no IV Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais. Código 2003.7450.0016.5.

16.- Modificación do financiamento dos honorarios de dirección correspondentes ao proxecto da obra “Acondicionamento do complexo deportivo A Fieiteira”, do Concello de Ribeira, incluída na 3ª fase da primeira programación plurianual das obras incluídas no IV Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006, para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais. Código 2003.7450.0020.5.

Persoal e Réxime Interior

17.- Proposta de concesión da medalla de ouro da provincia ao Centro Galego de Xubilados e Pensionados da República Argentina.

18.- Proposta de concesión da medalla de ouro da provincia á Compañía de Fillas de Caridade de San Vicente de Paúl.

Economía, Facenda e Especial de Contas

19.- Aceptación da ampliación de delegación de competencias tributarias. Concello de Brión. (Grupo 15).

20.- Aceptación da ampliación de delegación de competencias tributarias. Concello de Cee. (Grupo 15).

21.- Aceptación da ampliación de delegación de competencias tributarias. Concello de Laxe. (Grupo 15).

22.- Plan de auditoría para o exercicio do control financeiro das subvencións pagadas pola Excm. Deputación Provincial no exercicio de 2005.

23.- Expediente de modificación de crédito e recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1/06 de aprobación polo Pleno e modificación da base 48 das de execución do orzamento de 2006.

Promoción Económica, Emprego e Turismo

24.- Modificación das actuacións da segunda e terceira anualidades do Plan de dinamización turística da Costa da Morte

25.- Modificación do proxecto e sistema de contratación do convenio para financiamento do proxecto básico de construción do edificio con destino a centros de recursos e servizos integrais de apoio á empresa Cersia. Santiago de Compostela.

26.- Proposta de convenio do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, Consellería de Innovación e Industria, Cámara de Comercio de Ferrol e Asociación Hosteleira de Ferrol para o desenvolvemento do Plan de dinamización de Ferrolterra e Ortegál

27.- Proposta de formalización do convenio coa Consellería de Innovación e Industria para o desenvolvemento dun Plan piloto de mellora da calidade turística de Portodemouros

28.- Proposición da Presidencia. Toma de coñecemento da renuncia do deputado Sr. Rodríguez Rodríguez e declaración de vacante de deputado provincial.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 25 DE MAIO DE 2006

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 25 de maio de 2006, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión **ordinaria** .

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA BNG

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ LUIS ARMADA CASTRO	PSOE
DON XAIME BELLO COSTA	BNG
DON MANUEL CAAMAÑO LOURO	PP
DON FRANCISCO ANTONIO CANDELA CASTRILLO	PSOE
DOÑA SOCORRO CEA VÁZQUEZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON GERMÁN DIZ ARÉN	PSOE
DON JOSÉ FERREIRO PARDIÑAS	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA RAQUEL JABARES FERNÁNDEZ	BNG
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ	PP
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON JOSE MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON RAMÓN QUINTÁNS VILA	PSOE
DON ERNESTO RIEIRO OREIRO	PP
DON ALEJANDRO RODRÍGUEZ LEMA	PSOE

DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Escúsanse os Sres. Campo Fernández e Taboada Vigo.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e oito minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 5/06, DO 27 DE ABRIL.

Apróbese a acta da sesión anterior, nº 5/06, do 27 de abril.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 6.848 Á Nº 8.278.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 6.848 á nº 8.278.

3.- APROBACIÓN DA AMPLIACIÓN DO PLAN COMPLEMENTARIO AO POL 2006.

Por unanimidade, apróbese o seguinte ditame da comisión:

“Visto o acordo adoptado polo Pleno desta Deputación do 23 de febreiro de 2006 por medio do cal se prestaba aprobación á primeira fase da anualidade 2006 do Programa operativo local 2000-2006 e o seu plan complementario, integrado por un Plan base, así como un plan complementario cunha programación de obras supletorias, en cuxo apartado terceiro se prevía xa a posibilidade de que se puidera realizar unha ampliación do Plan complementario coa finalidade de realizar unha óptima utilización da subvención do MAP e FEDER.

Vistas as novas solicitudes de investimento que foron presentadas por algúns concellos da provincia coa finalidade de que se inclúan no Programa operativo local 2000-2006.

E tendo en conta que moitas das obras incluídas no Plan complementario inicialmente aprobado aínda non teñen a documentación administrativa e técnica correcta e completa, e que previsiblemente aínda tardarán en tela, o que impediría a súa aprobación definitiva e financiamento con cargo ós fondos dispoñíbeis por esta provincia para a anualidade 2006 do POL.

1.- Aprobar a ampliación do Plan complementario á anualidade 2006 do Programa operativo local 2000-2006, no que se inclúen as actuacións que a continuación se indican.

CONCELLO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
CARNOTA	RECUPERACIÓN DO MEDIO AMBIENTE DEGRADADO PARA ÁREA DE ESPAREXEMENTO EN QUILMAS	121.522,32
CEDEIRA	DEPURADORA EN SANTALLA	60.000,00
CERDIDO	ABASTECIMENTO AUGA FELGOSAS-BARBAS-SETE ABAIXO-CASALDAIA	64.442,42
SAN SADURNIÑO	ABASTECIMENTO AUGA A CORRAS E OUTEIRO	60.000,00
SOBRADO	ABASTECIMENTO AUGA GRIXALBA ROADE SEPARATA 1	181.281,80
	ABASTECIMENTO AUGA GRIXALBA ROADE SEPARATA 2	220.413,08
VILASANTAR	TRÁIDA DE AUGAS DE MEZONZO E BARBEITO	60.000,00
	TOTAL	767.659,62

Deste xeito o Plan complementario á anualidade 2006 do Programa operativo local 2000-2006 pasa a estar integrado polas seguintes obras:

CONCELLO	DENOMINACIÓN DA OBRA	ORZAMENTO
ARANGA	ABAST. AUGA CERDELO CARBALLORTO SANTISO VILALRIZ E FERVENZAS FASE I	551.593,58
ARES	ABAST. E SANEAM. RÚA SAN ANDRÉS, RÚA CONSISTORIO E CONTORNO DO CAMIÑO DE ESTACAS	149.878,64
BERGONDO	2 FASE SANEAMENTO SANTA MARTA DE BABÍO-EDAR PETEIRO	430.728,00
BERGONDO	ADECUACIÓN DA DEPURADORA DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE BERGONDO	120.360,00
BOQUEIXÓN	SANEAMENTO EN LOUREDA	527.805,10
CABANA DE BERGANTIÑOS	AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NAS PARROQUIAS DE CANDUAS E CESULLAS	85.335,92
CABANA DE BERGANTIÑOS	SANEAMENTO NÚCLEO DE NEAÑO	88.651,29
CAMARINÁS	ABASTECIMENTO DE AUGA EN PONTE DO PORTO	1.276.780,15
A CAPELA	ABASTECIMENTO DE AUGA AO MUNICIPIO DA CAPELA	1.133.410,92
CARNOTA	RECUPERACIÓN DO MEDIO AMBIENTE DEGRADADO PARA ÁREA DE ESPAREXEMENTO EN QUILMAS	121.522,32
CARRAL	MELLORA DA REDE DE ABAST AUGA A CARRAL	165.286,89
CEDEIRA	DEPURADORA EN SANTALLA	60.000,00
CERDIDO	ABASTECIMENTO AUGA FELGOSAS-BARBAS-SETE ABAIXO-CASALDAIA	64.442,42
COIRÓS	SANEAMENTO EN OIS	723.968,09
CORISTANCO	DEPÓSITO DE AUGA A COUSO	114.192,30
CORISTANCO	ABAST AUGA A VILAR, RIBELA, ESTERNADE, VENTOSA E FUROCA DA PARROQUIA DE COUSO	143.285,53
DODRO	SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA EN BEXO	246.916,03
FISTERRA	COLECTORES XERAIS EN ANCHOA E OUTROS	414.052,46
FRADES	DISTRIB. AUGA POTABLE EN GALEGOS E MOAR	444.655,39
FRADES	DISTRIB AUGA POTABLE EN ABELLA E MESOS	500.393,06
MAÑÓN	COLOCACIÓN DE TUBO SANEAMENTO DE SEMÁFORO DE BARES Á REDE XERAL DE BARES	172.030,25
MAÑÓN	CAPTACIÓN AUGAS PARROQUIAS DE GRAÑAS E MAÑÓN	90.969,74
MELIDE	SANEAMENTO DA ZONA DO RIBEIRO E CONEXIÓN DA REDE DO POLÍGONO INDUSTRIAL	263.588,01
NEDA	SANEAMENTO VILA ANCA, TORRE, CORME	409.395,17
NOIA	REFORMA DUN TRAMO RÚA DE GALICIA	242.950,48
NOIA	REHABILITACIÓN DE LOUSADOS E INFR. R/PORTA DA VILA E ESCULTOR FERREIRO	240.401,47
OROSO	REDE AUGA POTABLE EN CARDAMA SENRA ANXELES E OUTROS FASE I	251.848,89
PADERNE	1ª FASE SANEAMENTO INTEGRAL DE PADERNE	1.672.755,33
PONTES, AS	PARQUE DO EUME . ÁREA ACTUACIÓN 1	355.929,21
PONTES, AS	PARQUE DO EUME . ÁREA ACTUACIÓN 2	277.780,35
ROIS	SANEAMENTO E ABAST EN CASAL DE POÑO E AGRAFOXO	286.652,85
ROIS	SANEAMENTO EN LIÑARES (COSTA) E PEROXA (SIEIRA)	235.328,33
SADA	SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN ALBORELLE-SONEIRO	123.779,42
SAN SADURNIÑO	ABASTECIMENTO AUGA A CORRAS E OUTEIRO	60.000,00
SANTISO	SANEAMENTO EN CHORÉN-BARAZÓN	118.947,94
SANTISO	ABAST. AUGA A PUÑIN E BALOCAS	118.598,27

SOBRADO	ABASTECIMIENTO AUGA GRIXALBA ROADE SEPARATA 1	181.281,80
SOBRADO	ABASTECIMIENTO AUGA GRIXALBA ROADE SEPARATA 2	220.413,08
SOMOZAS	AMPL. REDE ABASTECIMIENTO AUGA 3-F	225.456,42
TORDOIA	ABAST. AUGA PARRQ. CASTENDA	584.027,88
VAL DO DUBRA	NOVA CAPT. E DEP. AUGA POTABLE	223.380,10
VALDOVIÑO	AMPLIACIÓN SANEAMENTO POR MEIRÁS E LAGO	389.791,23
VILARMAIOR	REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA POTABLE NA PARROQUIA DE TORRES	89.901,50
VILASANTAR	TRAÍDA DE AUGAS DE MEZONZO E BARBEITO	60.000,00
ZAS	PASEO FLUVIAL EN BAIO	420.693,40
	TOTAL	14.679.159,21

Esta relación ten carácter de "programación de actuacións que se ha incluír no Plan complementario ó POL 2006", de forma que unha vez estea correcta e completa toda a documentación administrativa e técnica, especialmente o proxecto técnico e a dispoñibilidade de terreos e autorizacións e concesións administrativas necesarias, polo Pleno da Deputación prestarase aprobación ós correspondentes proxectos.

Estas obras teñen carácter de supletorias e financiaranse con cargo ós remanentes que se puideran orixinar polas anulacións de proxectos ou baixas de licitación, así como polos suplementos de crédito que se poidan aprobar, de xeito que quedan condicionados a que efectivamente se produzan ditos remanentes.

2.- Dispoñer a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais.

4.- Remitirlle o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia.

5.- Unha vez transcorrido o devandito prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, poderanse proseguir as actuacións."

4.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "ACONDICIONAMENTO DE NAVES NA FEIRA DO TRECE" DO CONCELLO DE NARÓN, INCLUÍDA NO POL 2005. CÓDIGO 05.2300.0172.0.

INTERVENCIÓNS

Sr. Torres Colomer

Para ser prácticos e facilitar o desenvolvemento do Pleno, dicir que desde este punto até o 11, ambos os dous inclusive, imos votar a favor.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Visto o proxecto reformado da obra “Acondicionamento naves na Feira do Trece.” do Concello de Narón, incluída no POL 2005. Código: 05.2300.0172.0, que foi presentado polo director das obras e que representa un incremento no seu presuposto de contrata.

1º.- Aprobar por un importe total de 98.139,26 € o proxecto reformado da obra “Acondicionamento naves na Feira do Trece” do concello de Narón incluída no POL 2005. Código: 05.2300.0172.0, que se aprobou mediante acordo plenario adoptado o día 24 de febreiro de 2005.

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento debido ó incremento experimentado no presuposto do proxecto reformado que representa a cantidade de 14.690,73 € a prezos de contrata, sendo de 11.136,74 € a prezos de adxudicación. O incremento finánciao integramente a Deputación (código: 05.2300.0172.1).

Con isto os datos de financiamento total da obra quedan como segue:

Acondicionamento naves na Feira do Trece” (Concello de Narón)			
	Orzamento proxecto inicial a 05.2300.0172.0 prezos de contrata	Orzamento reformado a prezos de contrata	Incremento
			05.2300.0172.1
Deputación f.p.	17.817,93	32.508,66	14.690,73
Deputación outros	4.172,43	4.172,43	0
Estado	10.148,17	10.148,17	0
FEDER	51.310,00	51.310,00	0
TOTAL	83.448,53	98.139,26	14.690,73

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos establecidos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais.

5º.- Remitirlle o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia.

6º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o presente expediente.”

5.- INFORME SOBRE A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE “COMARCA DE FISTERRA”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Informar favorablemente a modificación aprobada pola Xunta da mancomunidade do 6 de marzo de 2006, dos estatutos da mancomunidade “Comarca de Fisterra”.

6.- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO QUE INTEGRARÁ O PROGRAMA DE ACTUACIÓN NAS ESTRADAS PROVINCIAIS 2006 (CANALIZACIÓN DO RÍO MAIOR AO SEU PASO BAIXO A E.P. 0813 SADA A ARMUÑO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar tecnicamente o proxecto que integrará o programa de actuación en estradas provinciais 2006. A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e a súa aprobación definitiva.

CONCELLO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
BERGONDO	CANALIZACIÓN DO RÍO MAIOR AO SEU PASO BAIXO A E.P. 0813: SADA A ARMUÑO	198.020,72
	TOTAL	198.020,72

2.- Expoñer ao público o proxecto do programa de actuación en estradas provinciais 2006 mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobado.”

7.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRESUPOSTO DE CONTRATA DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO COMPLEMENTARIO Nº 1 DO PROXECTO MODIFICADO DO ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ESTRADA DE SAN LORENZO (CAMPUS SUR DE SANTIAGO DE COMPOSTELA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar a modificación do orzamento de contrata das obras incluídas no proxecto complementario nº 1 do proxecto modificado do de acondicionamento e

mellora da estrada de San Lorenzo (Campus Sur de Santiago de Compostela), código 06.1110.0001.0, ascendendo coa citada modificación á cantidade de 281.816,73 euros.”

8.- APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006, 2ª FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO DE MELLORA DAS CONDICIÓNNS DE SEGURIDADE DA ESTRADA DE SAN LORENZO (CAMPUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o Plan de vías provinciais 2006, 2ª fase, integrado polo proxecto que a continuación se relaciona e tomar en consideración o proxecto incluídos neles, cun orzamento total de 545.354,70 euros, con cargo á partida 0401/511B/61102

código	denominación	orzamento
06.1110.0002.0	proxecto de mellora das condicións de seguridade da estrada de San Lorenzo (Campus Sur de Santiago de Compostela)	545.354,7
	TOTAL	545.354,7

2.- Expoñer ao público o proxecto mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

9.- POSTA EN COÑECEMENTO DA RELACIÓN DAS OBRAS QUE SE VAN INCLUIR NA PROGRAMACIÓN DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007, 3ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“A Comisión queda informada da relación da listaxe das obras para o estudo para a súa posíbel inclusión na próxima Programación inicial do plan de travesías provinciais 2004-2007.”

10.- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 0810 DE GUILIADE A GUÍSAMO, E QUE SUBSTITÚE AO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 0810 DE GUILIADE A GUÍSAMO DO PK 4.260 AO 4.860 APROBADO POLO PLENO O 28/05/04 E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar tecnicamente o proxecto que integrará a OITAVA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 e que substituirá ao incluído na PRIMEIRA

RELACIÓN DA ANUALIDADE 2004 DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN NA REDE DE ESTRADAS PROVINCIAIS 2002-2005 aprobado polo Pleno da Corporación 28/05/2004. A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e a súa aprobación definitiva.

TÍTULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓNS)
AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0810 DE GUILIADE A GUÍSAMO 1ª FASE	319.575,09	8.643,71

2.- Expoñer ao público os Proxectos da OITAVA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Solicitarlle á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e en base aos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como que:

TÍTULO DO PROXECTO	RAZÓNS QUE MOTIVAN A URXENTE OCUPACIÓN
AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0810 DE GUILIADE A GUÍSAMO 1ª FASE	<p>O ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, é bastante escaso, cun ancho en torno aos 5 metros, sen liñas horizontais nin separación de carrís. Proxéctase a ampliación da plataforma actual que ten un ancho de cinco metros e carece de beirarrúas, a outra formada por dous carrís de tres metros e medio con zona de aparcadoiro de dous metros e medio de anchura e beirarrúas de metro oitenta de ancho. Na zona onde non se poida realizar aparcadoiro executaranse beiravías de cincuenta centímetros.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Na zona baixo o paso da autovía en ancho non se pode variar, pero deixarase por un lateral un paso peonil de cincuenta centímetros de anchura protexido con barreira bionda. - Como consecuencia das obras de ampliación da calzada cómpre executar muros de contención nalgunhas parcelas dado o movemento de terras que se executa, así como a demolición dalgúns cerres existentes, polo que se contempla a súa reposición. - Realízase unha nova obra de fábrica consistente nunha ponte sobre a liña de ferrocarril, co obxecto de favorecer o trazado da estrada. - Deixarase unha canalización de tubo de PVC, baixo as beirarrúas para colocación exterior no seu día de iluminación pública. - Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo isto tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas bandas ás pistas de parcelaría e ás explotacións gandeiras. - A intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos - proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos

Todo isto co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.- Someter a información pública os referidos expedientes expropiatorios mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun

prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producisen.”

11.- APROBACIÓN DO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DAS OBRAS DO DOLMEN DE DOMBATE (PROXECTO DE EDIFICACIÓN SINGULAR DE PROTECCIÓN SOBRE O DOLMEN DE DOMBATE).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Considerar de interese xeral o proxecto de edificación singular de Protección sobre o Dolmen de Dombate, para a mellor protección deste monumento megalítico e a súa posta en valor.

2.- Exceptuar a porcentaxe de anualidades dispostas no art. 174 do Texto refundido da lei de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004

3.- Facultar ao presidente para aprobar as modificacións no orzamento que no seu caso fora necesario se como consecuencia de autorizacións preceptivas houbera que modificar dito presuposto

Todo isto condicionado a aprobación do expediente de modificación de crédito nº 1/2006 do Pleno e a consignación do crédito adecuado e suficiente no exercicio 2007.”

12.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN ESPECIAL DE HERBA ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS 2006.

Sr. secretario

A este punto hai unha emenda de adición presentada polo presidente da Comisión de Plans Especiais, Contratación e Equipamento, don José Federico Nogueira Fernández

Sr. Nogueira Fernández

Aínda que se lles repartiu a todos os grupos provinciais, era facer mención de que se fai unha interpretación da base 3ª e 6ª, que di o seguinte: “para efectos de concretar a interpretación das bases 3ª e 6ª, e no relativo a que a deputación non financie a execución de calquera tipo de terreo de xogo en campos de fútbol municipais nos últimos cinco anos, considerarase que o devandito prazo se computa desde o ano de aprobación do plan, no que se incluíu o correspondente proxecto, e que figura no seu código de obra”. Isto significa que hai unha serie de concellos que se benefician, xa que non depende do grao de execución da obra, senón de cando se aprobou o dito plan, por exemplo todos os concellos que tiveron obras financiadas polo Plan Deporte 2000 vense incorporados e antes quedaban excluídos coa redacción.

Isto é unha aclaración para que non haxa ningunha dúbida na interpretación das bases 3ª e 6ª.

Sr. Lamas Sánchez

Simplemente explicar que o noso voto vai ser afirmativo. Parécenos unha actuación interesante, é unha realidade da provincia, é unha realidade nestes momentos totalmente contrastada, a utilidade destes campos de herba sintética, sobre todo a nivel de utilización e despois, a nivel de mantemento. Pero nós queríamos facer unhas reflexións, con ánimo construtivo, que cremos que poden ser interesantes.

En primeiro lugar, parece que esta actuación a nivel deportivo é unha competencia compartida, a que realmente ten competencia en materia deportiva é a Xunta de Galicia, entón parécenos un pouco, na liña expresada polo presidente, de coordinación coas institucións, parécenos que sería moito máis efectivo buscar esa coordinación, que entendemos que tería que ser obrigatoria, coa Xunta de Galicia para conseguir máis recursos. En vez de facer catorce ou quince campos poderíase duplicar esa posibilidade. Entón, nós apuntamos nesa liña de coordinación, expresada polo presidente, eu creo que é o espírito desta cámara, buscar esa coordinación que entendemos que é necesaria e obrigatoria, coa Xunta de Galicia.

En segundo lugar, tamén queremos apuntar unha cuestión, que entendemos que sería interesante e que sería un pouco atender a realidade. Estamos de acordo en que a prioridade ten que ser marcada polos concellos, é unha cuestión lóxica, pero pode existir unha casuística que se pode dar en moitos concellos, que é que o concello queira priorizar nun campo que non é do concello, pode ser un campo a nivel dun club, dunha asociación..., entendemos que tería que contemplarse esa posibilidade, que o concello entenda que ten que priorizar porque o club máis relevante ou o campo máis importante, e que non sexa titularidade do concello, poderíase buscar unha fórmula mediante a cesión do dereito de superficie, para que tamén se puidesen eses campos, que poden ser unha prioridade dos concellos, se puidesen incluír nese plan. E pola nosa parte nada máis.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º) Aprobar as Bases reguladoras do Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2006, cuxo texto é: figura no anexo que se xunta.

**BASES REGULADORAS DO
PLAN ESPECIAL DE HERBA ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL
MUNICIPAIS 2006**

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

O presente Plan de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2006 é un plan anual da Deputación Provincial da Coruña financiado cunha achega provincial por importe de 5.000.000,00 € que se vai consignar no expediente de modificación de créditos 1/2006 na aplicación 0501/452H/76201 do orzamento provincial para a anualidade 2006, e máis polas achegas municipais dos concellos que é preciso realizar para completar o financiamento dos investimentos.

2.- FINALIDADE E OBXECTO.

A finalidade do plan é cooperar cos concellos da provincia na realización dos investimentos necesarios para mellorar os campos de fútbol municipais co fin de darlles as mellores condicións de utilización posibles ós campos de xogo.

O obxecto concreto do plan é transformar os actuais campos de fútbol municipais cuxo terro de xogo sexa de terra, herba natural ou herba artificial de primeira xeración, en campos de fútbol de herba artificial, que é a mais demandada polos concellos pola calidade, as súas posibilidades de uso intensivo e pola economía do seu mantemento.

Os campos de fútbol municipais para os que se solicite financiamento para a súa conversión en campos de fútbol de herba artificial deben reunir os seguintes requisitos:

- ♦ Deben ser campos de fútbol de titularidade municipal.
- ♦ Debe ter as dimensións regulamentarias, como mínimo entre liñas 90 x 45 m
- ♦ Deben estar consolidados, no sentido de que actualmente se realicen encontros deportivos, escolas municipais de fútbol, adestramentos etc.
- ♦ Deben ser campos de fútbol nos que nos últimos cinco anos a deputación non financiara obras de dotación de calquera tipo de terreo de xogo, coa finalidade de amortizar axeitadamente no tempo o investimento provincial realizado.
- ♦ Deben contar cos servizos de acceso rodado, enerxía eléctrica, abastecemento de auga, e recollida de augas residuais.
- ♦ Deben contar no peche exterior con valado de altura axeitada, para evitar a deterioración das instalacións, sen prexuízo de que a varanda perimetral regulamentaria arredor do terreo de xogo se incluía no proxecto que se solicite para executar dentro deste plan.

As actuacións concretas presentadas polo concello deberanse incluír nun único proxecto técnico para a dotación de herba artificial e son as seguintes:

- substitución do terreo de xogo actual polo de herba artificial.
- varanda perimetral regulamentaria arredor do terreo de xogo.

- sistema de rego e recollida de augas pluviais.
- porterías regulamentarias coas súas ancoraxes.

O financiamento destinarase exclusivamente á execución da obra definida no proxecto técnico correspondente e cuantificada como "orçamento base de licitación", nos termos nos que é definida esta magnitude no artigo 131 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1.098/2001, do 12 de outubro. Para estes efectos, a porcentaxe a que se refire a letra a) do apartado 1 do citado artigo será do 13%.

Os proxectos técnicos conterán a documentación á que se refire o artigo 124 da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, no que se incluía a declaración de que é obra completa.

O orzamento máximo dos proxectos que han solicitar os concellos para a súa inclusión no plan é de 400.000,00 euros, dos que a deputación achegará un 85% e o concello o 15% restante. Non obstante, poderá presentarse un proxecto cun presuposto superior, sempre que o importe que exceda de 400.000,00 € o financie integramente o concello.

3.- DESTINATARIOS.

Os destinatarios deste plan son todos os concellos da provincia da Coruña, aínda que só se poderá solicitar a realización deste tipo de proxectos para aqueles campos de fútbol municipais que a deputación non financiara obras de execución do terreo de xogo de terra, herba natural ou herba artificial nos últimos cinco anos.

4.- FINANCIAMENTO.

Para o financiamento deste plan anual do exercicio 2006, a deputación destina unha achega provincial por importe de 5.000.000,00 euros.

Os proxectos técnicos das obras terán un orzamento máximo de 400.000,00 euros, coa excepción sinalada no último parágrafo da base 2, e serán cofinanciados entre a deputación e o correspondente concello do seguinte xeito: a achega da deputación concretarase no 85% do orzamento do proxecto até un máximo de 340.000,00, e a achega municipal completará o 15% restante .

As baixas de licitación que se poidan producir nas obras do plan base repartiranse de forma proporcional entre a deputación e o concello.

Pola súa parte, as baixas que minoren a achega da deputación poderanse destinar ao financiamento dos investimentos contidos no plan complementario.

5.- FORMA E PRAZO DE SOLICITUDE.

Os concellos que desexen participar neste plan deberán presentar no Rexistro Xeral da deputación, ou nas formas dispostas no artigo 38 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do

procedemento administrativo común, até o día 31 de xullo de 2006, a seguinte documentación:

5.1.- Certificación do acordo plenario municipal.

Certificación do acordo plenario municipal de participación no presente plan, de conformidade co modelo que figura como anexo I , no que se acepten expresamente as bases e se concrete a denominación e presuposto da actuación que se solicita, e no que se preste aprobación ao proxecto técnico da obra .

Así mesmo, deberase facer constar no acordo, o plan de financiamento relativo á actuación solicitada, de xeito que se detalle o importe que se financia con cargo á achega provincial e o que se realiza con cargo á achega municipal. No mesmo acordo deberá adoptarse o compromiso de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o financiamento da achega municipal á obra .

5.2. Certificación expedida polo secretario do concello acreditativa da titularidade municipal da instalación.

5.3. Documentación descritiva das obras.

O concello deberá presentar o proxecto técnico da obra en exemplar duplicado, co contido establecido no artigo 124 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas.

O orzamento máximo do proxecto que solicite o concello para a súa inclusión no plan é de 400.000,00 euros, coa excepción sinalada no último parágrafo da base 2.

5.4. Memoria xustificativa.

Memoria xustificativa da necesidade do investimento solicitado, con referencia a se a deputación financiou ou non a execución de calquera tipo de terreo de xogo de campos de fútbol municipais nos últimos 5 anos, na que se indique o número de licenzas federativas de xogadores de fútbol do concello, a existencia de escolas de fútbol municipais e o cadro semanal co horario de utilización do campo de fútbol.

5.5 Informe técnico.

Informe técnico sobre o estado no que se atopa na actualidade o terreo de xogo do campo cuxa transformación se solicita, no que se especifique a súa antigüidade, e no que así mesmo se indique o estado do peche exterior con valado de altura axeitada actualmente existente.

Ademais, deberán xuntarse fotografías da situación actual do campo de fútbol.

6.- CRITERIOS DE SELECCIÓN.

Unha vez terminado o prazo sinalado con anterioridade para a presentación de solicitudes de participación no plan, comprobarase que se axustan ao establecido nestas bases, especialmente no relativo ao seu obxecto, financiamento e documentación que se ha presentar. No caso de observarse algunha carencia ou deficiencia, concederáselle ao concello un prazo de 10 días para a súa corrección, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A proposta de selección realizarase entre todas aquelas solicitudes de obras que teñan a documentación técnica e administrativa completa e correcta, de conformidade cos requisitos esixidos nas bases do plan, tendo en conta os seguintes criterios e a ponderación que se establece para cada un deles:

30 puntos	Para aqueles concellos onde a deputación non financiara a execución de calquera tipo de terreo de xogo de campo de fútbol municipal nos últimos 5 anos.
De 0 a 40 puntos	Polo número de licenzas federativas do concello, segundo datos da Federación Galega de fútbol: De 0 a 100 licenzas - 5 puntos De 100 a 200 licenzas- 10 puntos De 200 a 400 licenzas- 20 puntos De 400 a 1.000 licenzas- 30 puntos Máis de 1.000 licenzas- 40 puntos
De 0 a 10 puntos	Pola antigüidade e máis pola situación de deterioración do campo cuxa transformación se solicita.
10 puntos	Pola existencia de escolas deportivas municipais de fútbol.
De 0 a 10 puntos	Polo cadro semanal co horario de utilización do campo de fútbol municipal cuxa transformación se solicita.

Poderanse seleccionar obras supletorias, de conformidade cos criterios sinalados con anterioridade, que se integrarían nun plan complementario, para o seu financiamento con cargo ás baixas de licitación da deputación.

7.- APROBACIÓN DO PLAN.

Á vista da proposta de selección elaborada, o Pleno da deputación prestará aprobación ao plan, onde se conterà a relación das actuacións seleccionadas para

realizar nos concellos da provincia que nel se inclúan, con detalle de financiamento entre a deputación e os concellos. No mesmo acordo aprobarase que a contratación e execución dos investimentos a realicen os respectivos concellos.

A aprobación comprenderá tanto as obras principais que se integrarán no plan base, coma as obras supletorias que se integran nun plan complementario para o seu financiamento con cargo aos remanentes xerados polas baixas de licitación da deputación ou anulacións de proxectos, polo que a aprobación definitiva deste plan complementario queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

Unha vez aprobado o plan someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para que nun prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e remitiráselle para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997 da administración local de Galicia.

Transcorridos os 10 días de exposición pública e desde a solicitude de informe sen que se presenten alegacións, o plan quedará definitivamente aprobado.

A aprobación definitiva do plan adicional financiado cos remanentes xerados por baixas da licitación da deputación ou anulación de proxectos, que se elabore no marco do plan complementario, realizarase mediante resolución da Presidencia na que se declare cumprida a condición de existencia de crédito suficiente e, en consecuencia, se declare definitivamente aprobado o plan adicional.

8.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña aprobará os proxectos técnicos correspondentes ás obras, co acordo expreso de delegación da súa contratación e execución nos respectivos concellos.

A contratación realizarase de conformidade co establecido no Real decreto 2/2000 do 16 de xuño, polo que se aprobou o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas e de conformidade cos pregos-tipo de condicións da deputación mediante poxa ou concurso con procedemento aberto.

As baixas e economías que se produzan na contratación das obras repartiranse de forma proporcional entre a deputación e o concello.

Os proxectos reformados, modificados ou liquidacións de obra, se os houber, aprobaraos o órgano competente do concello e da deputación, pero o seu financiamento corresponderalle integramente ao concello, xa que a deputación non asumirá o financiamento dos gastos que xeren estes.

Así mesmo o concello deberá financiar todos os gastos a maiores que poidan xurdir durante a execución das obras, como os relativos á dirección da obra, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

O prazo para a contratación das obras polos respectivos concellos, establécese até o día 28 de febreiro de 2007. Este prazo poderase ampliar, despois da solicitude de prórroga motivada do concello, que poderá conceder o presidente da deputación, mediante resolución.

9.- EXECUCIÓN DO PLAN.

Os respectivos concellos executarán as obras de conformidade cos proxectos técnicos correspondentes presentados coa solicitude e aprobados co plan.

Desde o inicio das obras deica a súa recepción deberá colocarse un cartel conforme ao modelo facilitado pola deputación cos datos da obra.

O prazo para que os investimentos incluídos neste plan estean rematados e xustificados será até o día 31 de outubro de 2007. Non obstante, este prazo poderá ser obxecto de ampliación por solicitude do concello e por razóns motivadas; o presidente da deputación estará facultado para a concesión da ampliación, mediante resolución.

10. PAGAMENTO DA ACHEGA PROVINCIAL.

Os respectivos concellos xustificarán a realización dos investimentos presentando a certificación de execución das obras, debidamente aprobada polo concello e en exemplar triplicado.

As certificacións de execución de obra presentaranse no modelo oficial correspondente aos plans provinciais da deputación e o seu importe non poderá ser inferior a 6.000 euros, agás a última certificación.

Coa primeira certificación deberá xuntarse a fotografía onde se reflecta a colocación no campo de fútbol do cartel conforme ao modelo establecido .

Coa última certificación terá que acompañarse a certificación expresa do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra, ou non caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra, que a súa suma total non supere o 100% do seu importe.

Unha vez rematadas as obras deberá achegarse a súa acta de recepción xunto coa última certificación de execución.

O concello deberá comunicarlle oportunamente á deputación, cunha antelación mínima de vinte días, a data de recepción da obra para que a deputación poida acudir ao acto cos técnicos designados para o efecto.

A deputación transferiralle ao concello o importe correspondente á achega provincial polos investimentos realizados, despois da verificación da adecuación das certificacións ao proxecto das obras aprobadas no plan.

Con carácter previo ao pagamento da achega provincial, deberá acreditarse que o concello está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En todo caso, se o concello tivese débedas vencidas, líquidas e esixibles por ingreso de dereito público provincial, autorízase á deputación para que o pagamento da súa achega se realice por compensación.

11.- INTERPRETACIÓN.

A interpretación e resolución das dúbidas que se poidan presentar resolveraa o presidente da deputación, logo do informe da Secretaría e da Intervención.

12.- DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Para o non disposto nas presentes bases aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO I

MODELO DE ACORDO PLENARIO

Don/Dona

secretario/a do Concello

CERTIFICA

Que o Pleno do concello en sesión celebrada o adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º) Participar no Plan de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2006 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que solicita a realización do investimento que se indica deseguido:

Denominación	Orzamento	Achega municipal	Achega provincial

2º) Aprobar o correspondente proxecto técnico da obra previsto no apartado 1º.

3º) Solicitalle á deputación a delegación da contratación e execución da obra incluída no Plan, que se entenderá aceptada no suposto de que efectivamente se produza.

4º) Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo aos seus propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

5º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, que a suma total delas non supere o 100% do seu importe.

6º) Facultar o alcalde - presidente para executar todo o relacionado co presente acordo.

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde- presidente, e coa excepción establecida no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A Coruña, de de 2006.

V e pr.

O alcalde

2º) Condicionar á aprobación definitiva das bases á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 1/2006 no que se consigna a dotación necesaria para o financiamento deste plan anual para a anualidade 2006 polo importe de 5.000.000,00 euros.

3ª) Remitirle este acordo á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local polo prazo de dez días para o seu coñecemento e informe e someter este acordo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a inserción dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobado.

4º) Para efectos de concretar a interpretación das Bases 3 e 6, no relativo a que a Deputación non financiase a execución de calquera tipo de terreo de xogo en campos de fútbol municipais nos últimos cinco anos, considerarase que o devandito prazo se computa desde o ano de aprobación do plan no que se incluíu o correspondente proxecto, e que figura no seu código de obra.”

13.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO FINANCIAMENTO DA OBRA “PISCINA CLIMATIZADA CUBERTA EN RIANXO PL”, DO CONCELLO DE RIANXO, INCLUÍDA NA PRIMEIRA FASE DO PLAN DE PISCINAS CUBERTAS CLIMATIZADAS PARA CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN SUPERIOR AOS 10.000 HABITANTES 2005-2006. CÓDIGO 2005.3210.0002.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión.

“Visto o acordo plenario provincial relativo á aprobación da 1ª fase do Plan de piscinas cubertas climatizadas para os concellos da provincia cunha poboación superior aos 10.000 habitantes 2005-2006, que foi adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 22 de decembro de 2005, en cuxo apartado 2º se condicionaba a aprobación definitiva das obras incluídas á emisión do informe técnico de supervisión favorable dos proxectos.

Visto o informe favorable de supervisión técnica do proxecto da obra con data do 26 de abril do 2006, emitido pola empresa adxudicataria do contrato de consultaría e asistencia para a supervisión dos proxectos da deputación, Prego Consultores, S.L.

Vista a Resolución do presidente da Deputación nº 7.781, do día 28-04-2006, mediante a que se declarou cumprida a condición de achegar o informe técnico de supervisión favorable do proxecto técnico da obra citada, e en consecuencia, se aprobou o proxecto técnico desta e no cuxo apartado 2º se dispoñía elevar ó Pleno da corporación, a aprobación do novo presuposto e o detalle do financiamento do proxecto corrixido da obra, na que se mantén exactamente a achega provincial inicial, por importe de 1.500.000,00 euros, e na que se financia o incremento cunha achega municipal por importe de 176.528,00 euros, para completar o orzamento total do proxecto que ascende á cantidade de 1.676.528,00 euros.

Aprobar a modificación do financiamento e o novo presuposto e máis o seu detalle, entre a deputación e o concello, por anualidades, do proxecto corrixido da obra “Piscina climatizada cuberta en Rianxo”, que foi aprobado mediante Resolución da Presidencia da Deputación nº 7.781, con data do 28-04-2006, polo cumprimento da condición á que fora sometido en virtude do acordo plenario provincial do día 22-12-2006, unha vez que foi achegado o informe de supervisión técnica favorable do proxecto, e no que se mantén exactamente a achega provincial inicial, por importe de 1.500.000,00 euros, e no que se financia o incremento cunha achega municipal por importe de 176.528,00 euros, para completar o orzamento total do proxecto que ascende á cantidade de 1.676.528,00 euros, conforme se indica de seguido:

Código	Concello/Obra	Achegas	Anualidades		Presuposto Total
			2.005	2.006	
05.3210.0002.0	Rianxo : Piscina cuberta climatizada p.l.	Deputación	300.000,00	1.200.000,00	1.500.000,00
		Concello	0,00	176.528,00	176.528,00
		Total....	300.000,00	1.376.528,00	1.676.528,00

14.- APROBACIÓN DA 3ª FASE DA ANUALIDADE 2004 DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE CONTRATARÁ A DEPUTACIÓN, INCLUÍDAS NO IV CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. CÓDIGO 2004.7450.0017.0.

INTERVENCIONS

Sr. Torres Colomer

No mesmo sentido de antes, Sr. presidente, para dicir que desde este punto até o 22, ambos os dous inclusive, tamén imos votar a favor.

Sr. presidente

Moi ben, entón entendemos aprobados por unanimidade desde o punto 14 até o 22, ambos os dous incluídos. Se me permiten unha breve intervención, nos puntos 17 e 18, que aprobamos a concesión da Medalla de Ouro da provincia ao Centro Galego de Xubilados e Pensionistas da República Arxentina, e a Medalla de Ouro da provincia á Compañía das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl, expresar a miña satisfacción, que creo que é satisfacción de todos os grupos e satisfacción da provincia por estas dúas medallas de ouro, que recoñecen o traballo solidario, o traballo desinteresado, a favor dos máis desfavorecidos.

No primeiro caso, o Centro Galego de Xubilados e Pensionistas da República Arxentina, somos conscientes de que hai moitos centros que podían ser merecedores desta distinción por parte da deputación. Varios dos deputados que estamos aquí tivemos a oportunidade de coñecer este centro, e de nos emocionar contemplando a situación física que alí había, e de nos emocionar contemplando a situación de necesidade que os galegos alí acollidos nos expresaban. Como digo, hai moitos centros que podían ser merecedores deste galardón, quixemos galardoar ao máis humilde de todos, e galardoar ao que está na zona máis deprimida do gran Bos Aires, un centro que, á parte de dar asistencia médica, foi o primeiro centro que repartiu medicinas entre os galegos necesitados, é un centro que dá asistencia médica, asistencia social a máis de 5.000 persoas ao ano; creo que mostrar o agradecemento e recoñecemento da deputación, creo que é unha boa medida.

E no segundo caso, no caso da Compañía das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl, é unha orde relixiosa que leva vinculada á provincia da Coruña desde o ano 1854, que se viñeron a facer cargo do antigo hospicio, casa de expósitos, desde o ano 1854, é dicir, durante 152 anos estiveron vinculados a esta institución e vinculados a esta provincia, facendo un traballo impagábel, desinteresado e solidario a favor dos nenos abandonados e dos máis necesitados.

Penso que é motivo de satisfacción e de orgullo para todos nós ter aprobado a concesión destas dúas medallas de ouro da provincia.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Visto o proxecto técnico e demais documentación da obra que figura no anexo a este acordo, das previstas na primeira programación plurianual das obras que ha contratar a deputación incluídas no Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, que foi aprobada polo Pleno desta deputación en sesión celebrada o 29.11.02 e publicada no BOP nº 277, con data do 3.12.2002.

1º) Aprobar a 3ª fase da anualidade 2004 da primeira programación plurianual das obras que ha contratar a deputación incluídas no Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, na que se inclúe a obra e demais gastos que ocasiona a súa execución que figuran no anexo a este acordo.

O resumo do financiamento desta 3ª fase da anualidade 2004 é o seguinte:

	2004	2005	TOTAL
DEPUTACIÓN	126.212,54	123.207,48	249.420,02
CONCELLO	27.045,54	27.045,55	54.091,09
TOTAL	153.258,08	150.253,03	303.511,11

A aprobación desta fase do convenio deberá quedar condicionada á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos 1/2006 onde se habilitará crédito dabondo para o seu financiamento .

2º) Aprobar, así mesmo, o correspondente proxecto técnico da obra que se inclúe nesta 3ª fase, denominada “Acondicionamento campo de fútbol da Alta”, do Concello da Pobra do Caramiñal.

3º) Dispoñer a exposición pública desta fase do convenio mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido dito prazo sen que se presentara ningunha.

4º) Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido dito prazo sen que se presentara ningunha.”

15.- MODIFICACIÓN DO FINANCIAMENTO DOS HONORARIOS DE DIRECCIÓN CORRESPONDENTES AO PROXECTO DA OBRA “COMPLEXO DEPORTIVO EN ESTRAMUNDI”, DO CONCELLO DE PADRÓN, INCLUÍDA NA 2ª FASE DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS INCLUÍDAS NO IV CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. CÓDIGO 2003.7450.0016.5.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar a modificación do financiamento dos honorarios de dirección correspondentes á obra denominada “**Complexo deportivo en Extramundi**”, código 03.7450.0016.5, por razón do incremento experimentado nos honorarios de dirección, unha vez que foron modificados pola causa da baixa causada na deputación polo arquitecto provincial que asumía o 10% deles, conforme o cadro que se indica de seguido:

CÓDIGO	CONCEPTO	HONORARIOS DIRECCIÓN APROBADOS CO PROXECTO INICIAL (90% DA ASISTENCIA TÉCNICA)		MODIFICACIÓN DOS HONORARIOS DE DIRECCIÓN (100% DA ASISTENCIA TÉCNICA)		INCREMENTO	
		CONTRATA	ADXUDIC.	CONTRATA	ADXUDIC.	CONTRATA	ADXUDIC.
03.7450.001 6.5	H. .DIRECCIÓN						
	TOTAL	15.208,28	12.100,00	16.706,50	13.292,02	1.498,22	1.192,02

2.- A aprobación desta modificación queda condicionada á aprobación definitiva do Expediente de modificación de crédito 1/2006, o que se atopa actualmente en trámite, onde se habilitará crédito dabondo para o seu financiamento na partida orzamentaria 0501/452D/60173 do vixente orzamento provincial”.

16.- MODIFICACIÓN DO FINANCIAMENTO DOS HONORARIOS DE DIRECCIÓN CORRESPONDENTES AO PROXECTO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DO COMPLEXO DEPORTIVO A FIEITEIRA”, DO CONCELLO DE RIBEIRA, INCLUÍDA NA 3ª FASE DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS INCLUÍDAS NO IV CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2002-2006, PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. CÓDIGO 2003.7450.0020.5.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º.- Aprobar a modificación do financiamento dos honorarios de dirección correspondentes á obra denominada “Acondicionamento complexo deportivo A Fieiteira”, código 03.7450.0020.5, por razón do incremento experimentado nos honorarios de dirección, unha vez modificados por causa da baixa causada na Deputación polo arquitecto provincial que asumía o 10% deles, conforme ao cadro que se indica a continuación:

CÓDIGO	CONCEPTO	HONORARIOS DIRECCIÓN APROBADOS CO PROXECTO INICIAL (90% DA ASISTENCIA TÉCNICA)		MODIFICACIÓN DOS HONORARIOS DE DIRECCIÓN (100% DA ASISTENCIA TÉCNICA)		INCREMENTO	
		CONTRATA	ADXUDIC.	CONTRATA	ADXUDIC.	CONTRATA	ADXUDIC.
03.7450.002 0.5	H. DIRECCIÓN						
		19.063,84	15.150,76	21.031,24	16.714,33	1.967,40	1.563,57

A aprobación desta modificación queda condicionada á aprobación definitiva do Expediente de modificación de crédito 1 / 2006, que se encontra actualmente en trámite, onde se habilita o crédito necesario para o seu financiamento na partida orzamentaria 0501/452D/60173 do vixente orzamento provincial”.

17.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA AO CENTRO GALEGO DE XUBILADOS E PENSIONADOS DA REPÚBLICA ARXENTINA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Visto os méritos que concorren, conceder a medalla de ouro da provincia ao centro Galego de Xubilados e Pensionados da República Arxentina.”

18.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA Á COMPAÑÍA DE FILLAS DE CARIDADE DE SAN VICENTE DE PAÚL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Visto os méritos que concorren, conceder a medalla de ouro da provincia á Compañía de Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl.”

19.- ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS. CONCELLO DE BRIÓN. (GRUPO 15).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Brión en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto municipal sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

20.- ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS. CONCELLO DE CEE. (GRUPO 15).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Cee en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto municipal sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.
- Recadación executiva das taxas por expedición de licenzas urbanísticas, do imposto sobre construcións, instalacións e obras e das taxas por licenza de apertura de establecementos.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

21.- ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS. CONCELLO DE LAXE. (GRUPO 15).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Laxe en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto municipal sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

22.- PLAN DE AUDITORÍA PARA O EXERCICIO DO CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCIONS PAGADAS POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL NO EXERCICIO DE 2005.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Primeiro: Aprobar o Plan de control financeiro das subvencións xustificadas e pagadas pola Deputación provincial no exercicio 2005, co contido e criterios recollidos no informe da Intervención provincial.

Segundo: Atribuírlle ao persoal adscrito á Intervención provincial a realización das tarefas, traballos, actividades e informes previstos no plan elaborado, que deberá realizar os seus cometidos de acordo ao establecido nas normas de auditorías do sector público e nas restantes normas vixentes que resulten de xeral aplicación, no prazo máximo de nove meses desde a adopción polo Pleno do presente acordo.

Terceiro: Someter á consideración do Pleno o informe final que resulte das actividades desenvolvidas, coas medidas e propostas que resulten máis adecuadas para o interese xeral.

Cuarto: Unha vez tomada en consideración polo Pleno provincial o informe final do Plan de control financeiro realizado unirase á Conta Xeral do orzamento provincial para a súa remisión aos órganos de control externo.”

23.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO E RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 1/06 DE APROBACIÓN POLO PLENO E MODIFICACIÓN DA BASE 48 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2006.

Sr. Lagares

Bos días a todos. Imos debater, despois de ditaminar favorablemente na Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, o expediente de modificación de créditos nº 1, correspondente ao 2006, de aprobación polo Pleno.

Quero lembrar aquí, antes de nada, os antecedentes deste expediente de modificación de créditos. A liquidación do Orzamento de 2005 aprobouse, como é preceptivo, por resolución da Presidencia o pasado 7 de febreiro, e deuse conta desta ao Pleno ordinario dese mes. A continuación, e nese mesmo mes, prodúcese a incorporación de remanentes que vén ser o primeiro expediente de modificación de créditos aprobado por resolución da Presidencia o 20 de febreiro do corrente ano. E con eses dous documentos xeramos unha serie de economías en distintos apartados, en distintas fases orzamentarias, que son coñecidos polos señores e señoras deputadas.

Tráese hoxe aquí o primeiro expediente de modificación de créditos de aprobación plenaria por un total de preto de trinta e dous millóns e medio de euros, concretamente 32.471.113,97 €, e como veremos ao longo da miña exposición, que tentarei ser, -coma sempre-, o máis breve posíbel, veremos que é un expediente investidor e externo, porque os datos numéricos son rotundos: de cada 100 euros, 96,2 van destinados a investimentos propios ou a transferencias a concellos e institucións, de cada 100 euros, 96,2, repito: o 96,2% do montante deses preto de 32 millóns e medio de euros.

O financiamento na súa totalidade faise integramente co remanente de tesouraría para gastos xerais, ademais recoñécense obrigas de pagamento de anteriores exercicios, o que se coñece como recoñecementos extraxudiciais de créditos, por un montante de 146.761 euros, e á vez incorpóranse distintas subvencións nominativas, recollidas na base nº 48 do Orzamento do ano 2006, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións, que consideramos importante, e que mesmo rematamos de aprobar un aspecto, que eu aquí quero resaltar, que é a auditoría das subvencións do ano 2005, de acordo coa base 59, foi unha aprobación que rematamos de facer por unanimidade, e que queremos que a transparencia e claridade dos diñeiros públicos teñen que ser a arma clave, tanto deste equipo de goberno como, sen lugar a dúbidas, de toda esta institución provincial.

Incorpóranse, como dicía, subvencións nominativas alleas a este exercicio, concretamente hai unha gran parte do ano 2005, que están recollidas no ditame da Comisión e que non vou relatar xa que é coñecido polas señoras e señores deputados; e ao mesmo tempo, incorpóranse novas propostas para o exercicio 2006, que igualmente se recollen no ditame que traemos a aprobación, se así procedese, desta institución provincial.

Desde o punto de vista político, digamos, eu citaríaa unha serie de características globais que son o esquema fundamental deste expediente de modificación de crédito, que indubidabelmente, e como ben sinalaba o presidente na concesión desas medallas de ouro ao centro de inmigración ou ás irmás de San Vicente de Paúl, que rexentan unha institución importante e recoñecida por todos a nivel provincial, moitas veces non é o valor cuantitativo, senón o valor cualitativo o que marca a posición humana e de solidariedade en moitos aspectos da vida política, e que sempre temos que estar pendentes deses carreiros.

Esas características son, en primeiro lugar, a solidariedade cos nosos veciños do outro lado do mar. Este equipo de goberno, e por unanimidade tamén do Grupo Popular, por unanimidade de toda a institución, está a participar, está a levar a efecto economías que, como digo, cualitativamente, son moi importantes, aínda que cuantitativamente representen unha porcentaxe baixa, ben do orzamento ou ben dos expedientes de modificación de créditos.

Igualmente solidariedade con programas das ONG, que vai unha cantidade de 120.000 euros, pouca cousa é, pero vai significar moito para os seus destinos.

Outro aspecto que eu destacaría sería a continuación coa modernización de distintos aspectos desta institución, tanto externos como internos. Estamos a rematar o edificio administrativo; imos facer na planta sexta unha zona onde se poidan efectuar pequenos actos institucionais, para eliminar a sala de xuntas, que se dedicará a comisións informativas plenamente, e que cremos que é necesario e importante para esta institución. Polo tanto, avanzamos na modernización.

Trataremos de seguir os carreiros da Unión Europea; somos Europa; estamos a desenvolver distintos programas europeos coñecidos por todos, nestes momentos está a punto de se seleccionar o persoal para o “Proximitas Plus”, e aquí querémonos integrar no proxecto europeo INTERREG nº 3.

Á vez trataremos de mellorar a cobertura de servizos sociais. Indubidabelmente os servizos sociais é un dos aspectos que o equipo de goberno que rexe esta institución provincial ten posto un camiño importante xa andado, pero aínda é pouco, hai que ir a por máis, hai que seguir traballando para chegar a unha sociedade máis xusta e máis igualitaria. O convenio co concello de Rianxo para o Centro da Terceira Idade, por 180.000 euros; o equipamento do Centro da Familia de Ferrol, para a familia, para a infancia, con 165.000 euros; o Plan de equipamentos para maiores, onde trataremos de lograr un convenio coa Xunta de Galicia, coa Vicepresidencia concretamente, que é a que leva este sector político na Comunidade Autónoma, por 810.000 euros; un programa cobizoso de continuar eliminando as barreiras arquitectónicas, en combinación coa ONCE, co IMSERSO, cunha achega provincial de 850.000 euros; e unha serie de subvencións nominativas que, unidas, e destacaría aquí a unidade última de lactantes do Fogar Infantil Emilio Romay, por 385.000 euros, entre outras partidas, dado que, numericamente os números son fríos pero hai veces que hai que dicilos. E todos estes números, compañeiras deputadas e deputados, teñen detrás unha filosofía, unha filosofía que busca neste caso a solidariedade e a mellora das capas máis desfavorecidas da nosa sociedade.

Outro aspecto é liquidar distintas economías pendentes, algunhas delas tratan do Convenio Xunta-Deputación en materia deportiva, con 1,6 millóns; o Programa Operativo Local, que finaliza este ano, e que é un programa importante de infraestruturas europeas, que comezou a súa andaina hai cinco anos e que esperemos

que se repita no próximo exercicio, hai que complementalo con algo máis de 413.000 euros; igualmente temos que recuperar de distintos concellos o Plan de cooperación a obras e servizos, que quedaron sen certificar e sen aboar as certificacións, sabemos todos que temos delegadas as competencias e a xestión nos concellos na súa totalidade, a nivel contractual e a nivel de selección de obras.

E indubidabelmente eu diría que hai dous aspectos cuantitativos, dos cales cremos que forman o eixe maior, repito: en contía, deste expediente. Por un lado, o importante investimento nos 2.200 quilómetros de estradas e vías provinciais que ten esta institución, e que nos ten que facer reflexionar cada luns, cando oímos eses partes das fins de semana, eses partes que son moitas veces violentos, de mortes en estradas, en todas as estradas, independentemente do organismo, entidade ou institución á que pertencen, temos que tratar de mellorar nós tamén desde aquí, pór o noso gran de area para reducir estes datos que son moitas veces arrepiantes, sobre todo despois das pontes. Esta mellora en estradas, que vai ser o 37,48% do montante do expediente, de cada 100 euros case o 37,5 van ir destinados a estas obras para tentar paliar esa lacra, como son os accidentes, para facer unha vías mellores, ou unhas zonas de acollida, como son as marquesiñas para os nosos peóns, ou unhas estradas e beirarrúas máis seguras para os nosos peóns e os nosos condutores. Doce millóns longos de euros en expropiacións, en obras urxentes, en marquesiñas, en investimento directo en vías provinciais, e a novidade grande: un novo Plan de travesías de 4.500.000 euros, que xa mereceu a aprobación por unanimidade deste Pleno provincial.

Trataremos tamén de completar o Plan piloto de pequenas depuradoras, cunha achega de 500.000 euros. Creemos que este programa que está a facer a deputación en distintos concellos, en combinación coa Universidade da Coruña ten que servir para facer unha valoración importante dos saneamentos da provincia, e facer a aplicación correspondente daqueles se os resultados son satisfactorios no seu momento, en próximas anualidades económicas.

Iguualmente a deputación cre no turismo, cre no turismo porque Galicia é unha oferta, en si, na súa totalidade, dun turismo de calidade, non soamente de sol, senón dun turismo cultural, un turismo gastronómico, hai temos as ofertas importantes que se están a facer na Costa da Morte, e queremos engadir a achega e o desenvolvemento turístico da parte de Ferrolterra e Ortegal, con achegas de 318.000 euros, dun Plan piloto na zona de Portodemouros, que é unha zona que pode ter moitas finalidades importantes, desde o recreo, o sendeirismo, até a propia práctica do deporte acuático, cunha achega de 300.000 euros; igualmente incrementar a páxina web de promoción turística. E como non, aí vemos os resultados das pasadas vacacións de Semana Santa, onde a Colexiata de Caaveiro recibiu miles de visitantes. Seguimos apostando polo patrimonio provincial, cremos que é importante, -así se fixo no seu momento un concurso de ideas-, o amaño do Dolmen de Dombate, nesta anualidade temos 500.000 euros, igualmente haberá melloras no Pazo de Mariñán, no Dolmen de Cabaleiros, e algo importante que moitas veces pasa desapercibido nas cidades onde dispomos de cascos históricos, e é evitar o seu feísmo, evitar o feísmo con eses cableados que non

son os adecuados para eses cascos tan fermosos como os que contamos na provincia, como o de Corcubión, o de Pontedeume, o da Coruña, o de Betanzos, -como non- o de Santiago, entre outros moitos que podemos relatar, que significan que é necesario ofertar para que os turistas nos veñan ver, cada vez un patrimonio máis digno e máis futurista posíbel.

E sen lugar a dúbidas, acábase de producir a aprobación das bases do plan, digamos, estrela, deste expediente de modificación de créditos, que son os campos de herba artificial. Esta primeira fase, por valor de 5.000.000 de euros, que eu quero agradecer o voto favorábel do Partido Popular, como non, a estas bases, pois van ter unha contestación a unha demanda continua dos alcaldes, das federacións deportivas, dos clubs de fútbol, que a Presidencia e os distintos deputados estamos a recibir de distintos puntos da provincia. Cremos que estes cinco millóns, cun sacrificio tamén para os concellos, cunha achega do 15%, e unha achega da Deputación provincial do 85% dun investimento que será un tope de 400.000 euros, vai servir como punto de partida para lle dar un pulo grande, un pulo máis grande, se cabe, ao deporte rei, que é o fútbol, o fútbol non só nun campo regulamentario, senón o fútbol sete, e outras variedades que todos coñecemos e admiramos, e que valoramos para a boa actuación dos nosos meniños e dos deportistas da nosa provincia e do noso país.

Xa vou acabando, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, pero non me quero esquecer da achega aos GMIR para completar o acordo plenario, tamén por unanimidade desta cámara, que rematamos de facer recentemente, no último Pleno, de 320.000 euros, onde o voceiro do Partido Popular destacaba e dicía que era moi necesaria a continuación destes grupos que están a facer un traballo importante nos concellos; sabémolo perfectamente alcaldes e concelleiros que nos sentamos nestes escanos e valoramos aquí favorabelmente a súa actividade. Contéstolle hoxe tamén, Sr. Torres Colomer, que até o 2008 no pacto local contéplase que se manteñan os GMIR, pero esperamos que teñan moitas primaveras máis.

Iniciamos unha achega para o matadoiro comarcal do Barbanza, unha achega que, nun principio, digamos que é cualitativamente baixa, de 100.000 euros, pero que entendemos que poderá ter unha continuidade.

E miramos tamén para a cultura a través de subvencións ao sector primario, agricultura ecolóxica, ao comercio e industria, nunha serie de partidas orzamentarias que non vou seguir relatando por non aburrir moito ás señoras e señores deputados.

Para concluír, dicir e pedir o voto favorábel ao Grupo Provincial Popular, que este expediente externo, investidor, solidario, que busca o fomento do emprego, hoxe en día en todas as enquisas a principal preocupación que ten a sociedade, non da provincia, senón a sociedade galega, española, europea, e que de cada 100 euros buscamos tamén esta finalidade, con 96,2, que van ser instrumentos para investimentos propios, para transferencias correntes e de capital e que entendemos que é un expediente que merece o voto favorábel.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Case, case, vou prometer ser tan breve como o Sr. Lagares.

Oíndo a intervención do Sr. Lagares estábame dando a sensación de que estaba a asistir á presentación do orzamento inicial da deputación, porque, en definitiva, a filosofía era a mesma, non?, pero estamos a falar dun expediente de modificación de créditos, non estamos a falar do orzamento inicial; polo tanto non imos entrar nesa filosofía, senón en por que se produce un expediente, que case ten tanta transcendencia ou máis, nalgún momento, que o propio orzamento inicial.

E isto é consecuencia de que este remanente de tesourería ten unha contía excesiva canto ao seu volume. O remanente de tesourería global, para gastos xerais, ascende a 141 millóns de euros. Unha cantidade moi importante. Moi importante e crecente, crecente o remanente de tesourería, incrementouse nun 30% sobre o ano anterior; agora un 20% máis; é dicir, o último remanente de tesourería da xestión do Partido Popular era de 90 millóns de euros, agora son 140, subiuse un 57% máis.

E isto quere dicir algo, e o que quere dicir é que a metade do orzamento inicial non se gastou, gastáronse 151 millóns de euros dun orzamento total de 318; iso é o que xerou un remanente de 141, practicamente un remanente de tesourería igual que o orzamento inicial. A análise pormenorizada terá que facerse cando se faga a aprobación da Conta Xeral, pero por suposto o que si queda claro é que hai unha deterioración continua e constante da xestión orzamentaria desta institución. Se aprobamos un orzamento é para o gastar; non para falar del como consecuencia dos remanentes de Tesourería que se producen por non ter gastado o orzamento inicial. Dous terzos dos créditos de investimento reais e transferencias de capital non se gastaron, do orzamento inicial, e eu volvo recordar algo que se dixo aquí, e díxoo o Sr. presidente nalgún momento, moi importante, dicía o Sr. presidente: “queremos gastar menos para facer máis e mellor”. O que si está claro é que gastaron menos; o demais podémolo discutir. Gastaron menos. Home, pois isto non é positivo, de verdade que non é positivo, non imos entrar agora en detalles exhaustivos sobre isto, porque entendo que isto é un debate da Conta Xeral, pero por pór un simple dato significativo, incorpóranse a este expediente créditos que estaban na fase RC no orzamento anterior, por 34 millóns de euros, nin se tocaran, nada máis había unha idea de que se ía gastar en algo, 34 millóns de euros que nin sequera chegaran á fase A, ou créditos en fase A por 11 millóns de euros.

É dicir, en definitiva, a xestión do orzamento do ano 2005 foi, en canto á xestión, claramente deficiente. E iso preocúpanos, porque os orzamentos están para se cumprir, entón cando se producen situacións de remanentes mestúranse concepcións do orzamento inicial con cousas novas e actuacións que, en definitiva, xa non sabe un onde está. Un principio fundamental de calquera administración pública é procurar que a xestión orzamentaria se leve ao máximo nivel, e aquí, desde o ano 2003 estase a levar

ao mínimo nivel; cada ano xestiónase menos, menos obrigas recoñecidas, menos gastos comprometidos sobre o total e, en definitiva, estamos nunha situación de estrago, clara e grave, da xestión orzamentaria.

No que se refire ao expediente de modificación de créditos, sen entrar na análise que facía o Sr. Lagares, volven resultar estes aspectos que sinalabamos, o expediente de modificación de créditos é de 32 millóns, que se financia parcialmente co remanente, libre totalmente, de 23 millóns na parte del, e o resto con recuperacións de créditos que se producen do orzamento anterior. En definitiva volvo resaltar o que dixemos: o orzamento inicial do exercicio 2006, o total do orzamento, era 166 millóns de euros, o inicial, e o remanente de tesourería, 141 millóns. Pois vaia, é como se non gastásemos nada, obviamente gastáronse 151 millóns, como dixen anteriormente, porque o orzamento inicial deste ano incorporouse cos remanentes de tesourería de anos anteriores, por iso chegamos aos 318, pero a verdade é que o remanente de tesourería é de 141 millóns, e o orzamento inicial de 166. E ademais hai un dato: este remanente de tesourería é máis do dobre do capítulo VI e VII do orzamento inicial para este ano, 2006, que son 65 millóns, todo o noso orzamento de investimentos e de transferencias de capital é de 65 millóns. Polo tanto, estas cifras ratifican o que dixemos anteriormente, mirémolo por onde o miremos, non?.

En canto ao propio expediente de modificación de créditos hai un aspecto, non comentado polo Sr. Lagares, que a nós nos preocupa especialmente: é o relativo a como se xestiona o orzamento, cal é a filosofía. Temos que o expediente de modificación de créditos consta de 114 partidas, 20 créditos extraordinarios e 94 suplementos de créditos; os 20 créditos extraordinarios ascenden a 2,3 millóns de euros, e os 94 suplementos de créditos son os que importan os 30,1 millóns adicionais. En termos tecnicamente orzamentarios, a que se dedican? Pois a moitas cousas, pero en transferencias de capital hai 24 partidas suplementadas, e hai 4 novas partidas; hai, polo tanto, 28 partidas orzamentarias en transferencias de capital. Pois o orzamento inicial tiña 27 partidas en transferencias de capital, é dicir, que este expediente de modificación de créditos introduce máis partidas de transferencias que as que había no orzamento inicial. E isto induce ao que dixemos anteriormente, parecía, pola intervención do Sr. Lagares, que estamos a falar do orzamento inicial da deputación. E toda esta confusión conceptual sobre obxectivos é consecuencia pura e simplemente de que non gastamos no seu momento o que tiñamos que gastar, que non cumprimos os deberes que tiñamos de xestionar o orzamento, que para iso o aprobamos. Así, practicamente suplementáronse case todas as partidas do capítulo VII, de transferencias de capital, e creáronse catro novas.

E isto indúcenos a entrar un pouco máis nesa filosofía. Hai moitas maneiras de orzar, as técnicas orzamentarias falan de orzamento base cero, orzamento por programas, etc., etc. Pero se cadra á Deputación da Coruña poderíamolle engadir unha nova filosofía orzamentaria: o orzamento por etapas. Hai un orzamento de entrada que, ben, de aí practicamente non se executa, e despois un orzamento complementario,

un orzamento de saída executado, e por último, como elemento clave, o expediente de modificación de créditos que é o que realmente nos permite falar de orzamento.

Non imos entrar nas partidas concretas, adianto que en moitas delas estamos de acordo co contido desas partidas; estamos a falar dunha filosofía de xestión, que é requirimento obrigatorio dunha Administración pública. Pero hai un aspecto que si nos preocupa especialmente, e entendemos que esta Corporación debería corrixir, e é o abuso de subvencións nominativas. Isto xa o denunciámos nós no Orzamento de 2004, en 2005, no inicial de 2006, e agora. Hai que lembrar que durante o ano 2005 se outorgaron 121 subvencións nominativas, por importe de 13,6 millóns de euros; neste orzamento, no inicial, xa había 69 subvencións nominativas, por importe de 6,5 millóns de euros; neste expediente xa hai 40 máis, polo tanto xa estamos en 109 subvencións nominativas neste momento, e cun investimento xa de 11 millóns de euros.

E queremos tamén sinalar as distintas maneiras de concibir a xestión orzamentaria do Partido Popular cando gobernaba esta deputación e a da coalición actual. No ano 2003, que foi o último ano de responsabilidade de xestión do Partido Popular, soamente se outorgaron 32 subvencións nominativas, por importe de 2,73 millóns de euros; e hai que lembrar que vostedes, cando naquel momento estaban na oposición, criticaron a política de subvencións nominativas do Partido Popular, o cal quere dicir que a política, cando se cambia de sitio, ten estraños esquecementos, estrañísimos esquecementos, o cambio de papel é rechamante neste caso, criticábanos por outorgar 36 subvencións nominativas, que non se podía facer así, por 2,7 millóns de euros, e vostedes agora levan 121 un ano, ou 109 outro, aínda sen acabar, e por 13 e 11 millóns de euros.

Isto dígoo eu, como representante, neste caso, dun partido político que tivo responsabilidades de goberno e que procurou, neste sentido, facelo mellor que vostedes. Pero hai un dato adicional que si me preocupa: no ano 2003 non estaba vixente a Lei de subvencións, que é de 2004, e esa Lei de subvencións esixe reducir ao mínimo as subvencións nominativas, é dicir, que a agravación desa política aínda é máis importante tendo en conta precisamente unha lei imperativa aplicábel a todas as Administracións públicas.

Neste sentido, non me queda máis remedio que recoller, na páxina 4 do informe do interventor xeral desta Corporación, que di en relación a isto, e vouno reproducir porque paréceme que é fundamental que o oíamos todos, di o interventor xeral: “só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente de acordo ás normas de aplicación, pode excepcionarse a xeral aplicación dos principios de publicidade e concorrencia. Na documentación que se achega ao expediente de modificación de créditos que se tramita non se expresan os motivos de interese xeral que determinan as propostas obxecto do informe, as especiais circunstancias concorrentes ou as excepcionais condicións de cualificación técnica, artística, cultural ou científica das entidades destinatarias, que xustifiquen a excepción aos principios xerais expresados. En consecuencia, tal motivación...” -preocúpase o

interventor, polo menos- “... que se incorpore aos expedientes que se tramiten con carácter previo á adopción de calquera acordo provincial, como requirimento para a súa válida adopción, xunto coa acreditación de que non se están a acometer actividades propias e reservadas a competencias doutras Administracións públicas.” En definitiva, estásenos a dicir que o principio xeral de publicidade e concorrencia permitiría unha maior obxectividade da deputación, porque poden ser válidas as subvencións que concedemos, poden ser correctas, pero hai outras que podían ter solicitado axudas, tan válidas ou tan adecuadas coma estas, e que non teñen a oportunidade de o facer. E por iso a Lei de subvencións do ano 2004 esixe a publicidade e a concorrencia.

Tamén se preocupa o interventor xeral doutro aspecto: as subvencións a concellos. Di o interventor xeral: “Tamén se inclúen no expediente que é obxecto deste informe as subvencións nominativas a concellos para a realización de infraestruturas de interese local. A este respecto, débese pór de manifesto ademais que, de conformidade co establecido no art. 36.2 da Lei reguladora das bases de réxime local, e no art. 110 e 112 da Lei 5/1997 do 5 de agosto, de administración local de Galicia, a forma normal de cooperación económica das deputacións cos concellos é por medio de plans provinciais, con criterios obxectivos e equitativos, expresos e predeterminados, de distribución e asignación de fondos. Polo tanto, no expediente administrativo a través do cal se tramita o oportuno convenio interadministrativo, deberanse acreditar as razóns excepcionais, de interese público, que impiden ou fan que non sexa conveniente a actuación a través de plans provinciais ou mediante os programas xerais de subvención dirixidos á totalidade dos concellos da provincia, e que non permiten, en definitiva, a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación.” En definitiva, volvemos dicir os mesmo: poderá ser e será, en moitos casos, que estas subvencións a estes concellos serán correctas, pero haberá outros que estarían na mesma situación, que se lles impide solicitar á deputación porque non se tramita como actuacións de carácter xeral.

En definitiva, non se trata de entrar no contido do expediente, que cada un dos aspectos será obxecto de tratamento diferenciado no seu momento, pero si na filosofía que o motiva, nos dous aspectos, para nós, que nos preocupan, que é a deterioración da xestión orzamentaria, o non cumprimento da obriga que ten a deputación de xestionar o seu orzamento adecuadamente, e en segundo lugar, a política de subvencións nominativas.

Por todas estas razóns, o noso voto, independentemente da consideración singular que nos permitirían moitos dos expedientes incluídos, vai ser de abstención.

Sr. Lagares Pérez

Tratarei de dar puntual resposta á intervención do voceiro do Partido Popular, o Sr. Rodríguez.

É evidente que a filosofía orzamentaria do orzamento inicial é a mesma que a deste expediente de modificación de créditos. Eu non o quixen dicir, pero xa vostede aprendeu, iso é un tema que me agrada moito porque xa sabe vostede que estes debates que temos moitas veces son ilustrativos, tanto para min, e alégrome que para vostede: gastar menos para facer máis e mellor. Segue sendo a filosofía deste equipo de goberno, e indubidabelmente seguirá sendo a filosofía deste goberno mentres tanto o pobo da provincia deposite esa confianza electoral en nós.

(Abandona o Salón o Sr. García Liñares).

Pero moitas veces, Sr. Rodríguez, os números son testáns, e eu quero comezar, por suposto, agradecendo a súa intervención, coma sempre, e agradecendo o voto de abstención que acaba de formular. Sabe que respectamos, coma sempre, os distintos grupos políticos, pero hai veces que hai cousas que non compartimos. Neste caso eu creo que compartimos moito, e creo que ese voto debería ser un voto afirmativo, compartimos moito porque, realmente, vostede o que nos veu dicir foi que gastamos pouco no orzamento, que se executou pouco..., sabe moi ben que xa está convocada a Comisión de Economía para o día 30, onde vostede non vai ter ocasión porque presenta a súa renuncia, e aproveito para lle desexar, en nome propio e o equipo de goberno, os maiores éxitos na súa vida privada, xa sabe que o noso respecto á súa persoa é total e absoluta, e é recíproca, como me consta a min tamén.

Pero ese día, o día 30 de maio, si damos conta da Conta Xeral, e daremos conta de que, indubidabelmente, se inicia o camiño da exposición pública, e non se nos pode escapar o que pasou no ano 2005, non se nos pode escapar porque, politicamente, a política orzamentaria desta deputación viuse duplicada, e viuse duplicada por unha xestión importante deste equipo de goberno, unha xestión importante que mereceu o beneplácito do Grupo Provincial do Partido Popular, e estoume a referir á negociación que se fixo coa Consellaría de Sanidade, á eliminación dos contenciosos que había pendentes e os acordos económicos que xeraron, non só esas intervencións directas nosas, senón tamén da Consellaría de Sanidade, cunha planificación que se trouxo a esta cámara e que mereceu o beneplácito das señoras e señores deputados.

Polo tanto, cremos que estamos ante un orzamento do máis alto da historia da deputación, no ano 2005. E eu claro, os número son testáns, son testudos, e Sr. Rodríguez, os datos numéricos que me dá vostede non son os datos numéricos oficiais que teño eu. Curiosamente, eu voulle dar tres datos: a 1-1-2006 quedaban sen executar algo máis de 141 millóns de euros; o primeiro expediente de incorporación de remanentes que fai o presidente por resolución incorpora remanentes que hai que gastar, que non hai que traer a este Pleno, por un total de 102 millóns de euros, -estou a dar cifras redondas, entón non teño ningún inconveniente en lle presentar o cadro, xa sabe vostede que non hai ningún inconveniente-, co cal quedanos un total de 39.470.696,54 €; non a cifra que nos daba vostede. Esta é a cifra que teño eu do 19 de maio do corrente ano. En fase RC, que vostede se referiu a ela, son 331.161,86 €, en

reserva dun pouco máis de 8 millóns, en reserva algo máis de 4.400.000, e de libre disposición para novos gastos, 23.652.106. E estes son os datos reais, os datos que se poden constatar debidamente, e que aparecen reflectidos nos documentos a que eu me refería no inicio da miña intervención, por iso falaba da liquidación do orzamento, e por iso falaba da incorporación de remanentes, eses datos dounos como preámbulo para o que pasa despois, para a dispoñibilidade. E neste momento os gastos que quedan por executar, as economías, son arredor de 7 millóns de euros, que aparece recollido perfectamente no informe do Sr. interventor.

Polo tanto, os datos indican que a xestión orzamentaria é boa, e iso discutíremolo cando discutamos a Conta Xeral. Non é agora o momento de discutir a xestión do orzamento; o vindeiro día 30, e entón na exposición pública, e na Comisión Informativa teremos ocasión de ver se se xestionou ben ou mal este orzamento.

Este equipo de goberno, e o voceiro que actúa no seu nome, entende que é boa a xestión orzamentaria. E non soamente boa, senón que tamén son bos os niveis de endebedamento, que aí están, tanto o aforro neto como o límite de endebedamento, que son os máis baixos desta institución nos últimos oito anos.

Vostede entraba no fondo das partidas, e volvemos ter o mesmo tema que temos en todos os Plenos onde se fala de subvencións nominativas. Eu non me preocuparía tanto de subvencións nominativas, Sr. Rodríguez, Sres. do Partido Popular; eu preocupárame realmente de se se fan subvencións nominativas, se se fiscalizan adecuadamente, se hai transparencia nelas, se hai claridade nelas, e se non hai caciqueo nelas; iso é o que hai que mirar; non me preocupa se son 120 ou 130, pero é que acabamos de aprobar algo importantísimo, que volvo reiterar, acabamos de aprobar unha proposta, asinada polo Sr. presidente e pola miña persoa, onde nos comprometemos a facer a avaliación das subvencións do exercicio 2005, tanto nominativas como non. Tomarase —é evidente— unha mostraxe, farase algo máis para dar a publicidade correspondente, que levabamos anos sen dar, e farase a publicidade onde hai que facelo, onde nunca o fixo —lamento ter que dicilo, e repetímolo estando na oposición— onde nunca o fixo o Partido Popular.

Falaba vostede dos tipos de orzamento, Sr. Rodríguez, sabemos o que son os orzamentos, hainos continuistas, como facían vostedes, aplicaban: “ben, vai medrar o 3%, aí vai...”; non, mire, nós facemos outro tipo de orzamentos, por programas, base cero, orzamentos que mesmo nalgúns lugares se fai con participación dos colectivos cidadáns, e que pode facerse. E vostede dicía por etapas, pois claro, os orzamentos desenvólvense por etapas, e hai veces que non lle podemos pedir a un concello determinado que non desenvolveu o POS, pois hai que incorporalo, e vén aquí; ou que non se rematou unha obra do POL porque hai que facer un reformado, que é que se encontrou algo indebido, pois ten que vir aquí; ou que falta un informe sectorial concreto e complementario, e ten que vir aquí, igual falta o informe de Augas de Galicia para facer un saneamento, e resulta que temos que esperar para facer a

adxudicación desa obra porque é un informe, como sabe vostede, necesario e imprescindible para acometer a obra do Programa Operativo Local.

Polo tanto, non lle preocupe o abuso das subvencións nominativas, ou é que queremos sacar a subvención nominativa da Asociación de Galicia con Palestina, da Asociación Paideia, do Concello de Ames, Dodro, Ferrol, para agricultura ecolóxica, da Asociación Forte da Virxe, da Asociación ACLAD, que é unha asociación de minusválidos, da Asociación AFACO? Queremos eliminar esas subvencións nominativas? non son subvencións solidarias cos cidadáns da provincia? Por iso moitas veces debemos de concretar, debemos de ser un pouquiño máis concretos. Eu, non obstante, agradézolle, coma sempre, o seu ton na intervención.

E xa para acabar, dicir que me alegra que o interventor faga os informes tan atinados como os fai, os funcionarios desta casa, preto de 800 funcionarios, está este equipo de goberno e considero que o Grupo Popular, orgullosos do seu traballo, que desempeñan con dilixencia e con dedicación, neste caso, eu teño que felicitar aos da área económica que son os que fan este traballo importante, e como non, ao interventor xeral e aos dous interventores que fan importante traballo neste aspecto.

E teñen que incrementarse as partidas do capítulo VII, Sr. Rodríguez, vostede sabe perfectamente que hai novas partidas e que os campos de herba artificial van no capítulo VII, que nós delegamos a competencia nos concellos, e dámoslle autonomía aos concellos, e regularizamos por unhas bases, e non quero facer comparacións con outra Deputación de Galicia, temos agora recentemente aí unha serie de cousas que nos chamaron a todos moito a atención, pero este non é o momento do debate; pero si hai unha regularización, hai unhas bases, esas bases teñen unha puntuación, e iso é como se fan os plans, iso é como hai que facer os plans, a democracia nas institucións ten que ser, non soamente democracia de participación, senón de transparencia e claridade nas contas, até o último euro, ten que estar claro. E este equipo de goberno seguirá practicando e predicando este exemplo.

E xa acabo, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, agradecerlle a intervención do Grupo Popular, agradecerlle o seu voto, e agradecerlle que os próximos camiños e rumbos que vai seguir o Sr. Rodríguez, -neste caso a título particular-, que sexan os máis positivos para vostede e para os seu. Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Antes de nada, quería agradecerlle ao Sr. Lagares as súas referencias persoais, se despois o presidente me permite no último punto, que se refire a min, faríao un pouco máis extensivo este aspecto.

A verdade, Sr. Lagares que eu, respectando, vostede tamén respectaba a miña intervención, teño que dicirlle que non estamos de acordo con vostede en aspectos fundamentais. Cando nós falamos de que non se gasta adecuadamente o orzamento,

non estamos a comparar a execución orzamentaria do Partido Popular da que fan vostedes, e nós gastabamos máis, comprometíamos máis gasto, 15 puntos porcentuais, aproximadamente, máis do que fan vostedes no seu expediente. E polo tanto, cando hai informes, cando hai documentos, cando hai o que sexa..., todos tivémolos, porque nós tamén cumprimos a legalidade, e porén gastabamos máis, gastabamos máis no orzamento inicial aprobado por esta Corporación. E vostedes gastan menos, menos tanto por cento sobre o crédito inicial, e polo tanto iso non debería ter moita discusión, porque claro, onde eu me permito, á hora da execución orzamentaria, estou a reproducir un documento oficial de remanentes de tesourería, de gastos, que está aquí, que non estamos a falar de documentos distintos, e polo tanto, os nosos datos están totalmente contrastados coa liquidación do orzamento. Se quere entramos nun debate de cifras concretas, pero están aquí, os datos que dixen eu son totalmente correctos, se vostede os mira doutra maneira, poderán selo tamén, pero o que nós dixemos vai a misa, porque está apoiado nisto, non hai dúbida ningunha dos datos que nós manexamos, porque grazas a Deus sabemos aínda interpretar un orzamento, entre outras razóns, por razóns profesionais puras.

Dicía vostede: “mentres os cidadáns nos sigan dando a confianza...”, vostede perdoe, eh!, os cidadáns déronlle a confianza ao Partido Popular, hai que lembrar nesta deputación que nós temos 15 de 31 deputados, e vostedes gobernan lexitimamente, non porque os cidadáns lle desen a confianza, senón porque fixeron a coalición; vale, paréceme moi ben; pero dicir que os cidadáns apostaron por vostedes non é certo; os cidadáns apostaron polo Partido Popular, faltábanos un para a maioría absoluta, entón está claro que a maioría dos cidadáns da provincia da Coruña querían que gobernase o Partido Popular; vostedes fixeron a coalición legal, paréceme moi ben, pero non se pasen dese concepto, non vaíamos entender que os cidadáns votaron polo Partido Socialista, por exemplo; votaron polo Partido Popular, están aí os números, é moi sinxelo.

Vostede fala da negociación coa Consellaría de Sanidade, é certo e nós votamos a favor. Tamén é verdade que a negociación a iniciamos nós, fixamos os termos da negociación, loitamos por esa negociación, e vostedes pechárona. Perfecto. Teñen vostedes todo o mérito. Nós tamén o tivemos no seu momento, traballando nesa liña na que, dalgunha maneira, se conseguiu algo polo que nós estabamos a loitar.

Dixo vostede algo que lle digo, Sr. Lagares, que debía de meditar sobre isto, e tendo en conta que os dous temos un profundo respecto polo técnicos desta casa, mellor que llo aclaren a vostede, di: “non se preocupen polas subvencións nominativas, se son 110, son 110, se son 120, son 120...”; non, señor, non é así, vostede está a dicir que non nos preocupemos polo cumprimento dunha lei de cumprimento obrigatorio para todas as Administracións públicas, como non nos imos preocupar polas subvencións nominativas?; vostede está a incumplir, vostedes –non vostede persoalmente, como é natural- están a incumplir unha lei claramente, e estao a dicir o interventor xeral desta institución, e polo tanto si nos temos que preocupar polas subvencións nominativas, e temos que denunciar que non se pode facer así. Vostede mencionaba subvencións

concretas, nas que estamos de acordo, pero ninguén quen, na mesma situación, puidese tamén formular unha solicitude de subvención, e habería que dicir se era A ou B a quen lla tíñamos que dar, ou lla temos que dar a uns si e a outros non. Para iso invéntase a filosofía, institúese, institucionalízase a filosofía da publicidade e a concorrencia, para que todo aquel que queira pedirlle axuda á deputación poida formular esa petición, dentro dunhas bases xerais que se definen, mentres que a subvención nominativa limita ese dereito, para iso está a lei de 2004. Polo tanto, non siga vostede con esa filosofía, porque cada vez será máis grave ese incumprimento dunha lei que está dirixida a defender os dereitos dos cidadáns e das entidades que se relacionan coa administración.

En canto ao programa da avaliación de subvencións, nós totalmente de acordo, pero hai un pequeno detalle: é obrigatorio. Se vostedes non o fixesen, estarían incumprindo a Lei de subvencións do ano 2004, a Lei de subvencións esixe que as administracións públicas avalíen o cumprimento das subvencións. Aínda que, por certo, diríalle que estaría ben que se estendese o ámbito da avaliación, porque vostedes avalían as dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, particulares, mentres que non se avalían as dos concellos; todas deberían ser avaliadas, a través da mostraxe, se é o caso, sen chegar ao 100% das axudas, pero debe de se estender o campo da avaliación, non imos dicir que todas as subvencións dos concellos sexan avaliadas, porque sería absolutamente desproporcionado, dado o volume de actuación que temos en relación a iso, pero haberá que utilizar algunhas técnicas de mostraxe, obxectivas, non direccionadas, para que se poidan cumprir tamén en relación aos concellos, esa filosofía xeral.

Dicía vostede que nós seguimos orzamentos continuistas, que simplemente cada ano incrementabamos o 3%. Home, a memoria é fráxil, pero hai que lembrar que nós deseñamos plans específicos moi importantes, novos nesta deputación; os que quizais son continuistas son vostedes. O Plan de travesías e o Plan de marquesiñas non é precisamente un plan novo nesta casa, precisamente, diría eu, ten moitos anos de vixencia, e nós deseñamos, por exemplo, un Plan de turismo para concellos, un Plan de medio natural, é dicir, plans moi importantes aos que dedicamos moito diñeiro. E si que innovamos, si que innovamos na atención aos concellos, con novas iniciativas. Polo tanto, dicir que os orzamentos son continuistas é moito dicir, eran continuistas na filosofía de ir gastando cada vez máis, cumprindo cada vez mellor o orzamento, pero non, por suposto, porque non tivésemos novas iniciativas, cousa da que, por certo, vostedes carecen.

Dicía vostede tamén, -unha última observación-, que vostedes defendían a autonomía dos concellos. Mire, tamén a fragilidade da memoria neste caso é rechamante, foi o goberno Partido Popular, do que eu tiven a honra de formar parte, o que cambiou os criterios que se seguían anteriormente, -por outros gobernos, que eran tamén do Partido Popular-, pero foi o criterio do Partido Popular de que os concellos fosen os que xestionasen os créditos destinados a eles. Fomos nós os que o fixemos, se vostedes se queren apropiari tamén, encantados, pero non nolo diga aos que estamos aquí, que vostedes defenden algo que nós fomos quen o implantamos aquí.

Resumindo a miña intervención, e sen querer entrar en debate de cifras, porque os dous utilizamos, supoño, documentación oficial, volvo reiterar as dúas ideas oficiais que motivaron a nosa intervención, e que xustificaron neste caso o voto de abstención. A primeira, e moi clara, é que o orzamento faise para se cumprir, e que niveis de execución do cincuenta e pico por cento, etc., etc., non son bos, e que hai que gastar máis, hai que activar máis, independentemente de que se inclúan novas actuacións ou novas iniciativas. E en segundo lugar, que temos que ter unha preocupación polo cumprimento dos preceptos legais que rexen a vida desta Corporación, especialmente en temas tan sensíbeis para os cidadáns como é o tema das subvencións, e que a utilización da técnica de subvencións nominativas soamente ha de ser moi excepcional e nunca converterse nun principio xeral, porque nolo impide unha lei, que é de cumprimento obrigatorio, e nolo impide a filosofía desa lei, que é darlle a todas as entidades o dereito lexítimo a formular peticións á administración nunha situación de igualdade de concorrencia e con criterios de obxectividade.

Polo demais, nada máis que dicir, porque a nosa posición de voto segue sendo a mesma.

Sr. presidente

Se me permiten, tamén quería dar a miña opinión. Eu non vou entrar en debate sobre as oportunidades e as prioridades de cada Grupo, xa que cada Grupo ten as súas e todas elas son lexítimas. Quero facer tres pequenas matizacións.

Efectivamente, nun punto anterior aprobamos algo moi importante, que é un Plan de auditorías para subvencións. E nun momento en que as deputacións están a ser cuestionadas por exemplos quizais non moi exemplarizantes doutras institucións, facer esta serie de cousas, controlar o gasto público, en que se gasta, pois creo que é unha obriga. Indubidabelmente non é unha resposta ao que está a pasar estes días, porque isto foi anunciado no momento en que se aprobaron os orzamentos do ano 2006, anunciamos que presentaríamos unha proposta para auditar as subvencións do ano 2005. Que se van a auditar só as de institucións e particulares sen fins de lucro? Obviamente, non imos auditar as dos concellos, Sr. Dositeo, porque os concellos teñen os seus propios órganos de control, e debemos de ser respectuosos coa autonomía local.

Por outra parte, é certo que a Lei de subvencións permite as subvencións nominativas, o que esixe é un tratamento diferenciado, que é traelo a un Pleno, e dalo a coñecer no Pleno. Pero iso non me preocupa; son opinións, e cada un ten a súa; o que non me gustaría que quedase no aire é a idea da deterioración da xestión orzamentaria, porque xustamente é todo o contrario do que está a suceder; estamos a ter menos gasto corrente, porcentualmente, estamos a ter máis investimento, estamos a mellorar a execución, tanto nos ingresos coma nos gastos, temos máis proxectos europeos, e dedicamos máis recursos á solidariedade. E isto non é unha conxectura; isto é algo que se pode demostrar con datos. Certo que podemos construír discursos, certo que o

remanente deste ano é maior que o do ano anterior, e maior que o do anterior, porque o ano pasado houbo circunstancias excepcionais, introducimos 118 millóns de euros co acordo Xunta-Deputación, tivemos maiores ingresos pola renegociación de débeda, tivemos un pequeno incremento na participación dos tributos do Estado, e temos máis diñeiro de ingresos de proxectos europeos. E hai unha cousa clara: a estrutura da deputación leva a que haxa un remanente moi grande de tesouraría, porque dos 32 millóns de euros que aprobamos neste expediente de modificación de créditos, case todos, -o 94,6%, me parece que dicía o voceiro de Facenda-, se dedican a investimento, estou seguro que o 100% dese 94,6% ímolo ter o ano que vén como remanente de tesouraría, porque non se vai pagar, vaise gastar, pero os concellos teñen un prazo de dous ou tres meses para presentar os seus proxectos, témolos que aprobar aquí, primeiro teñen que facelos, aprobalos, teñen que adxudicalos, posibelmente non se certifique nin un só euro de ningún dos investimentos que aquí estamos a aprobar; polo tanto, a estrutura e funcionamento da deputación esixe que teñamos, desgraciadamente, remanentes de tesouraría altos. E isto non é nin mala xestión nin boa xestión, se adxudicas o POL e se adxudica en outubro, e en decembro non se certificou nada, pois todos os millóns do POL aparecen como remanentes de tesouraría. Son similares as cifras de remanentes de tesouraría, este ano están incrementadas porque houbo maiores ingresos, pero o que si podó dicir é que o gasto corrente, ao aumentaren os investimentos, que están a aumentar substancialmente, e de feito neste expediente de modificación de créditos, o 94% ou o 92% -non sei o que dixo o Sr. Lagares- é investimento, pois ao aumentar o investimento diminúe porcentualmente o gasto. E é certo que se está a facer unha boa xestión en ingresos e en gastos. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Quero deixar constancia neste Pleno que no ano 2003 os créditos definitivos foron de 278 millóns de euros, pero as obrigas recoñecidas de 173 millóns; e no ano 2005 os créditos definitivos foron de 318 millóns de euros, pero as obrigas recoñecidas de 151 millóns. É dicir, que nós, no orzamento de 2003, recoñecemos obrigas por 173 millóns de euros, e vostedes, no ano 2005, soamente por 151 millóns, cando o orzamento se incrementou en 40 millóns máis. Simplemente era ese dato.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (10 –PSOE e 5-BNG)

Votan en contra: Ningún

Abstéñense: 14 deputados (13 –PP e 1-PSOE, por se ausentar na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación, art. 74.5 do Regulamento Orgánico da Deputación).

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º.-Recoñecer as obrigas de pagamento procedentes de exercicios anteriores por un importe total de 146.761,00 €, a favor de persoas físicas e xurídicas que se detallan a continuación, de conformidade co que establece o artigo 26 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, que se imputarán ás partidas orzamentarias do exercicio 2006 que se indican:

Partida	Acredor	Concepto	Importe recoñecido
0403/451 A/633.00	Eulen Seguridad S.A.	Instalación sistema de extinción automática de incendios na Biblioteca provincial. Fra. do 31-05-05.	57.794,19
0403/451 A/633.00	Eulen Seguridad S.A.	Liquidación da obra “sistema de extinción automática de incendios na Biblioteca provincial” Fra. do 15-07-05.	3.392,53
0403/451 I/623.00	INSTELEC, S.L.	Certificación nº 1 da “Iluminación glorieta de acceso ao Pazo de Mariñán” Fra. do 10-05-05.	35.329,69
0401/511 B/227.06	Atenea, S.A.	Plan de conservación vías provinciais do ano 2004/Coordinación seguridade e saúde. Fra. do 03-03-05.	33,16
0401/511 B/227.06	Grupo MGO, S.A.	Honorarios de coordinación seguridade e saúde. Fra. do 20-09-05.	2.380,32
0501/511 E/601.01	Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	RVL. Certificación nº 3 da obra “Reforzo firme na EP 206, O Milladoiro a Biduído”	8.517,07 (1)
0501/452 D/601.01	Obras Ramos Cotelo, S.L.	Terminación Pavillón Polideportivo Lamas de Castelo. Certificación nº 8 e final. Fra. do 04-12-05	11.980,65
0501/452 D/601.01	Constructora Hispánica S.A.	Campo de fútbol en Mourente. Certificación nº 15 e final	6.439,51 (1)
0501/452 D/601.01	Obras Ramón Cotelo, S.L.	Obras complement. pavillón Carnota. Certific. nº 8 . Fra. do 04-12-05.	3.850,35
0202/519 C/601.01	Terrauga, S.L.	Premios Breogán. Certificación nº 5- Liquidación. Recuperación canteira caolinita. Fra. do 01-12-05.	16.840,29
0202/511 B/611.02	Paymacotas, S.A.U.	Honorarios de coord. de seguridade e saúde. Fra. do 27-12-05	1.869,09
0202/511 B/611.02	Paymacotas, S.A.U.	Honorarios de coord. de seguridade e saúde. Fra. do 15-11-05	920,04
0202/511 B/611.02	Paymacotas, S.A.U.	Honorarios de coord. de seguridade e saúde. Fra. do 18-10-05	25,86
0202/511 B/611.02	Paymacotas, S.A.U.	Honorarios de coord. de seguridade e saúde. Fra. do 15-11-05	222,21
0501/446 A/601.01	Terrauga, S.L.	Centro natureza-Museo etnográfico en Mesía. Certificación nº 8 e final. Fra. do 01-12-05.	12.148,48
TOTALIS			146.761,00
(1) o recoñecemento que corresponde aos conceptos e interesados expresados queda sometido á condición suspensiva de que se achegue a factura orixinal correspondente.			

2º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1/06 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 32.471.113,97 euros segundo o detalle que se acompaña como anexo que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1. Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios.....	2.318.193,82
SC. Suplementos de crédito.....	30.152.920,15
Total de aumentos:	32.471.113,97

A.2. Baixas (fontes de financiamento):

BA. Baixas por anulación.....	0,00
RX. Remanente de Tesourería para gastos xerais.....	32.471.113,97
Total de baixas:.....	32.471.113,97

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE INGRESOS E GASTOS

B.1. Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas
1. Gastos de persoal	
2. Gastos correntes	770.283,79
3. Gastos financeiros	466.000,00
4. Transferencias correntes	1.833.942,27
6. Investimentos reais	17.835.800,65
7. Transferencias de capital	11.565.087,26
8. Activos financeiros	
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS ORZAMENTO DE GASTOS	32.471.113,97

B.2. Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos.	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Activos financeiros: remanente Tesourería	32.471.113,97
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS ORZAMENTO DE INGRESOS	32.471.113,97

3º. Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na Base 48ª do Orzamento provincial do exercicio 2006 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2.d da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

A) Procedentes de exercicios anteriores, non incorporables como remanentes de crédito:

Aplicación orzamentaria	Beneficiario	Obxecto e finalidade	Importe
0202/454B/762.01	Concello de Rianxo	Centro social da terceira idade	180.000,00
0202/519Z/762.01	Concello de Dumbria	Centro social e cultural en Berdeogas	229.518,37
0501/911B/762.01	Concello de Cerceda	Plan canon: acordo transaccional	395.053,12
0305/463B/789.01	Asociación Euroeume	Convenio 2005	108.000,00
0305/721 A/767.00	Consortio Profeiras de Ferrol	Obras recinto feiral convenio 2005	350.000,00
0305/721 A/789.01	Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago	Adquisición mobiliario	46.856,81
0305/721 A/789.01	Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña	Viveiro de empresas en Carballo	240.000,00
0601/451C/762.01	Concello de Boiro	Centro arqueolóxico do Barbanza (2003)	6.999,70
0601/451D/467.00	Consortio Audiovisual de Galicia	Cota anual do exercicio 2005	30.000,00
0601/451D/789.01	Consortio Audiovisual de Galicia	Programa de investimentos 2004	300.000,00
0601/451H/462.01	Concello das Pontes de García Rodríguez	Centenario da festa da Fraga (2004)	20.000,00
0601/451L/48900	Fundación Universidade da Coruña	Cota anual 2005	1.200,00
0601/451L/489.01	Fundación Luis Tilve	Proxecto de investigación 2004	44.057,06
0305/521 A/489.01	Asociación Emisoras Municipais de Galicia (EMUGA)	Programa apoio emis.munic.2003	25.046,01
A/ IMPORTE TOTAL SUBVENCIONS NOMINATIVAS DE EXERCICIOS ANTERIORES			1.976.731,07

B) Propostas novas para o exercicio 2006

Aplicación orzamentaria	Beneficiario	Obxecto e finalidade	Importe
0104/330 B/489.01	Asociación Galicia por Palestina	Adquis. medicamentos, material e bens funxibles	6.000,00
0104/330 B/789.01	Asociación Galicia por Palestina	Equipamento médico-cirúrxico hospital	45.000,00
0305/451 H/462.01	Concello de Malpica	Feira XXIII da oleiría de Buño	60.000,00
0305/451E/489.01	Club deportivo equiocio	Feira equiocio. Salón do cabalo 2006	18.000,00
0305/451F/489.01	Universidade da Coruña	Creación web cultura galega	72.000,00
0305/622B/462.01	Concello de Santiago de Compostela	Plan de excelencia comercial	142.784,00
0305/451L/489.01	Asociación Paideia	Proxecto de emprego MANS	78.000,00
0305451L/789.01	Fundación EXPONAV	Proxectos de investimentos	41.600,00
0305/451L/489.01	Fundación EXPONAV	Proxectos de actividades 2006	18.400,00
0305/463/B/762.01	Concellos de Ribeira, Boiro e Pobra do Caramiñal,	Matadoiro comarcal do Barbanza	100.000,00
0305/711E/462.01	Concellos Ames, Dodro e Rois	Prox. fomento da agricultura ecolóxica	110.836,00
0305/721 A/767.00	Consortio Profeiras de Ferrol	Achega aos investimentos no recinto feiral 2006	350.000,00
0305/432C/754.01	Asociación de empresarios da Agrela	Proxectos de investimentos	200.000,00
0305/521 A/489.01	Asociación emisoras municipais de Galicia (EMUGA)	Actividades 2006/2007	120.000,00
0601/451D/462.01	Concello de Ferrol	Ciclo de jazz	28.096,00
0601/451D/489.01	Asociación Cultural Melidense Música Sinfónica no Camiño de Santiago	Concertos de época da orquestra sinfónica de Melide	65.622,53
0601/451H/762.01	Concello de Rianxo	Financiamento adquisición casas de Manuel Antonio, Dieste e Castelao	90.000,00
0601/451L/489.01	Fundación Galicia Sempre	Desenvolvemento do Proxecto "Democracia e país"	60.000,00
0601/451L/489.01	Fundación Luis Tilve	Estudo Arquivo histórico da UXT	48.000,00
0601/451L/489.01	Fundación 10 de Marzo	Recuper. Conserv.e	30.000,00

Aplicación orzamentaria	Beneficiario	Obxecto e finalidade	Importe
		difusión do arquivo histórico da fundac. e mvtos.sociais	
0601/452C/762.01	Concello de Cambre	Vestiaros e bancadas cubertas no campo de fútbol	228.000,00
0601/452C/789.01	Universidade de Santiago de Compostela	Reforma de piscina do campus	145.933,00
0601/454B/489.01	Arcebispo de Santiago de Compostela	Publicación dos fondos parroq. da diocese de Santiago de Compostela	67.300,00
0701/313M/789.01	Asociación Fonte da Virxe	Obras/equipamento no centro ocupacional de enfermos mentais en Santiago	50.000,00
0701/313M/789.01	Asociación ACLAD	Obras rehabil. e mellora comunidade terapéutica drogodependentes	100.000,00
0701/313M/789.01	Asociación AFACO	Obras rehabil. centro para enfermos de Alzheimer	300.000,00
B/ IMPORTE TOTAL SUBVENCIONS NOMINATIVAS NOVAS			2.565.571,63
(A+B) IMPORTE TOTAL SUBVENCIONS INCORPORADAS E NOVAS			4.552.302,60

C) Modificación do obxecto e da aplicación orzamentaria:

A subvención nominativa que se inclúe no presuposto inicial do exercicio 2006 para a Asociación Hosteleira de Ferrolterra e Ortegaleira destinada a un proxecto de promoción do emprego e por unha contía de 90.000,00 €, destinarase polo mesmo importe ao programa de investimentos do 2006 que se imputará á partida orzamentaria 0305/751 A/789.01.

4º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/1990.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

5º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no

artigo 20.5 do citado Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

24.- MODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA SEGUNDA E TERCEIRA ANUALIDADES DO PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DA COSTA DA MORTE

INTERVENCIONS

Sr. Torres Colomer

Para dicir que no 24, 25, 26 e 27 imos votar a favor.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar as modificacións das actuacións da segunda e terceira anualidades do Plan de dinamización turística da Costa da Morte, aprobadas polo Pleno da deputación, para adecualas ás modificacións propostas pola Comisión de Seguimento do convenio, do seguinte modo:

ACTUACIÓNS QUE CAUSAN BAIXA OU MODIFICACIÓN NA TERCEIRA ANUALIDADE DO PDT COSTA DA MORTE

1.- ACTUACIÓNS QUE CAUSAN BAIXA NA SEGUNDA ANUALIDADE E PASAN A SER DE TERCEIRA ANUALIDADE

ACTUACIÓN	ORZAMENTO
Iluminación de monumentos	118.267,67 €
Sinalización (execución)	90.000,00 €
Infraestruturas náuticas	94.000,00 €

2.- ACTUACIÓNS QUE CAUSAN BAIXA NA TERCEIRA ANUALIDADE E PASAN A SER ACTUACIÓNS DE SEGUNDA ANUALIDADE

ACTUACIÓN	ORZAMENTO €
Iluminación contorno ferverza do Xallas	67.121,69
Asistencia Fitur	12.782,32

Campana de publicidade nos medios	32.453,80
Liquidación da obra faro de Fisterra	20.345,89
Proxecto Ruta dos Miradoiros	11.975,00
Proxecto Ruta dos Faros	5.921,71
Pazo da Cultura	
I certificación	75.627,91
II certificación (baixas de 2ª an.)	24.549,56
Reitoral de Golmar	
II certificación (baixas de 2ª an.)	10.998,11
Domus Atlántica	78.379,23

A actuación Pazo da Cultura detallábase da seguinte forma: 75.000€ de terceira anualidade e 58.623,32€ de cuarta anualidade e actualmente impútanse á segunda anualidade 100.177,47€, 18.763,08€ para a terceira anualidade e para a cuarta anualidade imputaranse 14.682,77€.

A dirección de obra da rehabilitación da reitoral de Golmar, asúmese coa baixa derivada da propia actuación, 11.975,00€, imputados á terceira anualidade.

A actuación de infraestruturas náuticas incrementa en 94.000,00€, polo que queda un total de 180.000,00€, imputados á terceira anualidade.

A actuación denominada publicación de guías e estudos vese incrementada en 5.864,84€, polo que queda un total de 25.864,84€, imputados á terceira anualidade.

As baixas producidas na segunda anualidade que ascenden á cantidade de 35.547,67€, destínanse ás certificacións de Golmar: 10.998,11€ (II certificación) e de Pazo da Cultura 24.549,56€.

As baixas que se produzan na terceira anualidade destinaranse ao proxecto de iluminación e enterramento de liñas nas Torres do Allo, Zas.

Os cadros definitivos de aprobación da 2ª e 3ª anualidades despois dos cambios son os seguintes:

ACTUACIÓNS SEGUNDA ANUALIDADE	INVESTIMENTO INICIAL	INVESTIMENTO ACTUALIZADO
Xerencia	75.000,00	71.250,00
Páxina web	25.000,00	12.000,00
Análise de produtos de turismo marítimo	10.000,00	9.750,00
Modificado faro de Fisterra	12.000,00	12.000,00
Baixa páxina web		13.000,00
Baixa estudo sinalización integral		7.000,00
Baixa Redacc Plan Desenv. Tur. Pindo- Xallas		2.028,02
Honorarios modif. 2 contorno do faro Fisterra		2.842,00

Sinalización 44,61%	25.000,00	8.029,30
Dirección obra Fisterra		8.984,96
Porcentaxe pendente Fisterra		142,65
Praias quilométricas (I e II certif.)	60.000,00	49.800,00
Reitoral de Golmar		
Proxecto	18.000,00	18.000,00
Actuación	94.174,84	94.174,84
Iluminación de monumentos		
Iluminación Corcubión	29.232,33	29.232,33
Rehabilitación muíños de Ardeleiro	34.210,00	30.030,64
Oficinas de Turismo		
Execución	184.500,00	
Compra de casetas e amaños 21,14%		14.787,96
Oficina de Corcubión		4.816,38
Ordenadores oficinas de Turismo		22.494,41
Impresoras oficinas de Turismo		6.610,11
Outras obras rehabilitación muíños		104.625,00
Dirección de obra rehab. Muíños		5.625,00
Liquidación outras obras rehab. Muíños		9.775,08
Vidros Pozo do Cachón		5.509,98
Liquidación obras Pozo do Cachón		5.031,30
Proxecto Museo Mar de Laxe	18.000,00	17.100,00
Rutas Xeol. e Bot. M. Pindo e Ferv. Xallas		
Estudo e Prox. Expos. C. de Interpr M.Pindo	27.000,00	21.500,00
Execución	61.518,38	61.518,38
Exec. contidos Centro de Interpretación	52.966,90	50.720,00
Concurso de fotografía	5.000,00	3.344,55
Guía de servizos turísticos	20.000,00	19.120,00
Folletería (mapa temático)	10.000,00	9.000,00
Banco de imaxes	10.000,00	10.000,00
Promoción logotipo do plan		
Xornada de concienciación	4.000,00	3.944,00
Promoción	6.000,00	5.999,60
Plan de calidade	23.000,00	20.266,40
Gastos varios (material, exposicións, tfno, etc)	18.000,00	17.001,89
1ª certificación Pazo da Cultura	75.627,91	75.627,91
Iluminación contorno ferverza do Xallas	67.121,69	67.121,69
1ª Certificación Domus Atlántica	78.379,23	78.379,23
Asistencia a Fitur	12.782,32	12.782,32
Campaña de publicidade en medios	32.453,80	32.453,80
Liquidación de obra do faro de Fisterra	20.345,89	20.345,89
Proxecto ruta dos Miradoiros	11.975,00	11.975,00
Proxecto ruta dos Faros	5.921,71	5.921,71
Baixas de 2ª anualidade		
2ª certificación Pazo da Cultura		24.549,56
2ª certificación reitoral de Golmar		10.998,11
TOTAL	1.127.210,00	1.127.210,00

ACTUACIÓNS TERCEIRA ANUALIDADE	INVESTIMENTO INICIAL
Xerencia	71.250,00
Reitoral de Golmar	138.000,00
Dirección de obra de Golmar	
Ruta dos Faros - Execución	84.078,29
Concurso de fotografía	6.000,00
Gastos varios	18.363,00
Infraestruturas náuticas	180.000,00
Estudo de demanda e perfil turístico	15.000,00
Plan de calidade	48.000,00
Oficinas de Turismo	60.000,00
Domus Atlántica	41.620,77
Pazo da Cultura de Carballo	18.763,08
Pasarela peonil fervenza do Xallas	49.616,15
Casa do Pendón	120.492,00
Redacción proxecto	
Execución obra	
Conxunto etnográfico de Toba	36.119,00
Iluminación de monumentos - Ponteceso	18.000,00
Ruta dos Miradoiros - Execución	88.025,00
Muíños de Ardeleiro Fase II	50.760,00
Aldea de madeira	121.000,00
Talleres de concienciación	12.000,00
Cursos ambientais	10.000,00
Estudo de viabilidade de creación de ente xestor	15.000,00
Plan de accesibilidade persoas con mobilidade reducida	18.000,00
Publicación de guías e estudos	25.864,84
Sinalización I	90.000,00
Iluminación de monumentos (Moraima e Fisterra)	118.267,67
Baixas 3ª anualidade (Torres do Allo)	
SIÑALIZACIÓN II	36.764,20
TOTAL	1.490.984,00

Todas as actuacións citadas da primeira e segunda anualidade son financiados con cargo á partida 0305/751A/628.00 cód.2003 3 80010 8 1

3.- O presente acordo queda condicionado á súa aprobación pola Comisión de Seguimento do Plan de dinamización turística da Costa da Morte.”

25.- MODIFICACIÓN DO PROXECTO E SISTEMA DE CONTRATACIÓN DO CONVENIO PARA FINANCIAMENTO DO PROXECTO BÁSICO DE CONSTRUCCIÓN DO EDIFICIO CON DESTINO A CENTROS DE RECURSOS

E SERVIZOS INTEGRAIS DE APOIO Á EMPRESA CERSIA. SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio modificado respecto do aprobado polo Pleno da Corporación na súa sesión do 23 de febreiro último, que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o proxecto básico de construción do edificio destinado a centro de recursos e servizos integrais de apoio á empresa CERSIA, promovido polo Concello de Santiago de Compostela.

2.- Aprobar o proxecto “Básico (modificado) e de execución dun edificio destinado a centro de recursos e servizos integrais de apoio á empresa CERSIA”, promovido polo Concello de Santiago de Compostela.

3.- A achega provincial prevista no convenio ascende a 200.000 €. para a anualidade 2006 e outros 200.000 € para 2007 que poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio e con cargo á partida orzamentaria 0305/463.B/762.01

4.- Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio, co seguinte teor literal:

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral da Corporación D. José Luis Almau Supervía.

Doutra parte D. Xosé Sánchez Bugallo, como alcalde do Concello de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN:

1.- Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados co desenvolvemento económico da provincia.

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva a todo aquilo que signifique estudo información e mellora do desenvolvemento empresarial dos axentes económicos e sociais da provincia.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto o de financiar parte do custo de desenvolvemento do proxecto do proxecto básico de construción do edificio destinado a centro de recursos e servizos integrais de apoio á empresa (CERSIA), promovido polo Concello de Santiago de Compostela.

O importe total do proxecto ascende a 1.247.581,22 € e o cadro de financiamento do proxecto é o seguinte:

	Deputación	Concello	Xunta	Total
Anualidade 2006	200.000,00	35.416,68	644.318,64	944.318,64
Anualidade 2007	200.000,00	167.845,90	0,00	303.262,58
Totais	400.000,00	203.262,58	644.318,64	1.247.581,22
Coeficientes	32,05 %	16,30%	51,65%	100 %

SEGUNDA: OBRIGAS

O proxecto elaborado polo Concello de Santiago de Compostela trata de promover o desenvolvemento económico na comarca de Santiago de Compostela de acordo co contido especificado nel.

O Concello de Santiago comprométese a asumir as seguintes obrigas:

Executar a obra, encargándose, se é o caso, da convocatoria e adxudicación dela ou parte dela, conforme á normativa de obrigado cumprimento, e, en todo caso, ao abeiro do disposto no artigo 151.1 b) do R.D. Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, e dos artigos 174 e seguintes do seu Regulamento xeral, aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

O Concello de Santiago de Compostela deberá destinar os bens ao fin para o que se concedeu a subvención, durante polo menos 10 anos, contados desde a sinatura do presente convenio, e deberá ser obxecto de inscrición no Rexistro público correspondente.

TERCEIRA: FINANCIAMENTO E PAGAMENTO

A Deputación da Coruña financiará o proxecto cunha achega de 200.000 euros (DOUSCENTOS MIL), na anualidade 2006 e outros 200.000 € (DOUSCENTOS MIL) na anualidade 2007 co obxectivo de costear a execución da obra.

CUARTA: FORMA DE PAGAMENTO

A Deputación provincial realizará o pagamento proporcional da súa achega contra presentación das certificacións de obra emitidas de acordo co proxecto de execución aprobado e das facturas xustificativas da execución do investimento debidamente aprobado polo órgano competente do concello.

Con carácter previo ao aboamento da primeira achega da deputación deberá presentarse un exemplar do proxecto de execución coa xustificación da súa aprobación polo órgano competente do concello mediante a presentación da oportuna certificación.

O compromiso máximo de achega que vai sumir a Deputación é o reflectido na cláusula primeira do presente convenio. No suposto de que a adxudicación do contrato da obra se realice por un importe inferior ao contemplado na cláusula primeira, as achegas reflectidas nela minoraranse mediante a aplicación do coeficiente de financiamento respectivo. A deputación non asumirá incremento ningún derivado de posibles proxectos reformados, liquidacións ou revisións de prezos.

A achega provincial poderá ser compatíbel con outras achegas públicas ou privadas para idéntica finalidade. En todo caso deberanse achegar declaracións expresas das achegas públicas ou privadas obtidas para o mesmo fin, sen que en ningún caso o importe total das achegas concorrentes superen o custo da actividade realmente xustificada. No caso de superar o custo da actividade subvencionada, a entidade procederá a reintegrarlle á Deputación Provincial da Coruña o exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes.

O concello deberá presentar a declaración da totalidade das subvencións públicas ou privadas obtidas para a mesma finalidade (de conformidade co disposto no artigo 14.d) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

Así mesmo, o concello deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación das correspondentes certificacións, tanto momento da subscrición como dos aboamentos. Tamén deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia deputación, a través do servizo provincial de Recadación. En todo caso, se o concello tivese débedas vencidas, líquidas e esixíbeis por ingreso de dereito público provinciais, autorízase á deputación a que o pagamento da súa achega se realice por compensación cos débitos municipais acreditados, de acordo co establecido no artigo da Lei 39/1988, de facendas locais e do correlativo da Lei xeral tributaria.

QUINTA: XUSTIFICACIÓN QUE SE HA REALIZAR POR PARTE DO CONCELLO

Antes do 30 de xuño de 2008 o concello presentará a documentación xustificativa da execución do proxecto: certificacións xustificativas do gasto realizado e acta de recepción das obras.

SEXTA: COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Cada unha das partes designará un representante co fin de constituír a Comisión de Seguimento do convenio para facer un seguimento da súa execución e cumprimento.

SÉTIMA: CONTROL, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Con independencia dos traballos que realice a Comisión de Seguimento, a Deputación Provincial da Coruña establecerá, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, os mecanismos de control que estime necesarios para asegurar o cumprimento da finalidade perseguida neste convenio.

OITAVA: RESOLUCIÓN DO PRESENTE CONVENIO

Serán causas de resolución do presente convenio de colaboración as seguintes:

- a. A denuncia de calquera das partes
- b. O incumprimento dalgunha das cláusulas do convenio
- c. O mutuo acordo das partes

NOVENA: CARÁCTER ADMINISTRATIVO DO CONVENIO

O presente convenio ten carácter administrativo e rexerase polas estipulacións nel contidas, sendo competente para entender dos litixios que poidan xurdir a xurisdición contencioso-administrativa.. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que poidan xurdir na súa interpretación estarase ao disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións, e no R.D. Lexislativo 2/2000 polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas e nas Bases de execución do orzamento provincial.

En todo caso manterase a súa vixencia no relativo aos procedementos de control financeiro e reintegro dos fondos públicos achegados.

DÉCIMA: VIXENCIA DO CONVENIO

O período de vixencia do convenio comezará o día seguinte ao da súa sinatura e entenderase até o 30 de xuño de 2008, sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

En todo caso manterase a súa vixencia no relativo aos procedementos de control financeiro e reintegro dos fondos públicos achegados.

En proba de conformidade, asíñase o presente convenio, en sextuplicado exemplar, no lugar e data antes citados.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O ALCALDE DO CONCELLO

Asdo: Salvador Fernández Moreda

Asdo: José Sánchez Bugallo”

26.- PROPOSTA DE CONVENIO DO MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO, CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA, CÁMARA DE COMERCIO DE FERROL E ASOCIACIÓN HOSTELEIRA DE FERROL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DE FERROLTERRA E ORTEGAL

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Consellería de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia, a Excma. Deputación Provincial da Coruña, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol e a Asociación de Hostelería de Ferrol, para o desenvolvemento dun Plan de dinamización do produto turístico na ría de Ferrol Comarcas de Ferrol e Ortegal (Provincia da Coruña)

2.-Comprométese a deputación a incluír nos orzamentos crédito suficiente para financiar a achega provincial ás respectivas anualidades, previstas no clausulado do convenio de acordo co seguinte detalle:

Anualidade 2006-----	318.000,00 €
Anualidade 2007-----	318.000,00 €
Anualidade 2008-----	318.000,00 €

Anualidade 2009----- 320.167,00 €

3.- Aprobar de conformidade co establecido no artigo 155.5 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, a modificación das porcentaxes dos gastos de carácter plurianual destinados ao financiamento das obras nas anualidades 2006, 2007 e 2008 que quedan establecidos tal e como se indican no apartado precedente.

A achega poderá facerse efectiva de acordo coas previsións e requisitos fixados no texto do convenio con cargo á partida 0305/751A/628.00.

4.- Os acordos da Comisión de Seguimento, prevista no clausulado do convenio, referidos á aprobación dos proxectos que se han executar no seu cumprimento, serán sometidos á aprobación do Pleno da Deputación provincial, en cumprimento da previsión contida no artigo 107 de Lei 5/1997 de administración local de Galicia, que literalmente di:

...1.- Correspóndenlle, en todo caso, ao Pleno as seguintes atribucións:

... d) A aprobación dos proxectos de carácter provincial.

5.- Designar como representantes da deputación na Comisión de Seguimento do plan ao Sr. presidente da Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo, D. Pablo Villamar Díaz , que a presidirá, e a D. Gonzalo Prego Fernández .

6.- Aprobar a relación de actuacións que integran a primeira anualidade do plan que queda incorporada como anexo II do presente acordo.

7.- O presente acordo queda condicionado, na súa vixencia, á definitiva entrada en vigor do expediente modificativo de créditos 1/2006, no que figuran incorporados 318.000 € na partida 0305/751.A/628.00 para facer fronte á achega provincial prevista no convenio para o presente exercicio 2006.

8.- Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio"

O texto íntegro do convenio é o que queda detallado a continuación:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO, A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, A CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE FERROL E A ASOCIACIÓN DE HOSTELERÍA DE FERROL PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PLAN DE DINAMIZACIÓN DO PRODUTO TURÍSTICO NA RÍA DE FERROL, COMARCAS DE FERROL E ORTEGAL (PROVINCIA DA CORUÑA).

Madrid,

REUNIDOS

dunha parte:

O Excmo. Sr. D. Pedro Mejía Gómez, na súa calidade de secretario de Estado de Turismo e Comercio, nomeado por Real Decreto 845/2004, do 23 de abril, actuando de conformidade co artigo segundo da Orde do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio 3187/2004, do 4 de outubro que delega a competencia que para a subscrición de convenios corresponde ao titular do Departamento segundo o previsto na disposición adicional décimo terceira da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en redacción dada polo artigo segundo da Lei 4/1999, do 13 xaneiro, de modificación daquela.

doutra:

O Excmo. Sr. D. Fernando Xabier Blanco Álvarez, conselleiro de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro e no Decreto 213/1983, do 3 de agosto, polo que se nomean conselleiros da Comunidade Autónoma de Galicia, e autorizada a sinatura deste convenio por acordo do Consello de Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, con data do..... .

doutra:

O Ilmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda como presidente da Deputación Provincial da Coruña, nomeado por acordo do Pleno do 26 de novembro de 2003, e facultado para a subscrición do presente convenio por acordo do Pleno de, actuando en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do disposto no artigo 34 apartado 1 letra b da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

doutra:

O Sr Francisco Cruz Senra, presidente da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol, por acordo de nomeamento con data do 8 de xuño de 2002, en virtude do establecido no artigo, que lle outorga potestade para a sinatura deste convenio.

e doutra:

o Sr. D. Julio Martínez Martínez, presidente da Asociación de Hostalería de Ferrol, por acordo de nomeamento do 05 de xullo de 2004, en virtude do artigo 25 do Estatuto da Asociación que lle outorga potestade para a sinatura deste convenio.

Todos recoñecen na representación que teñen capacidade para formalizar o presente convenio e para tal efecto

EXPOÑEN

Que a Administración Xeral do Estado en virtude das competencias reservadas ao Estado polo artigo 149.1.13 da Constitución en materia de planificación e coordinación económica xeral, así como do principio de cooperación, elaborou o Plan Integral de Calidade Turística Española (PICTE) 2000-2006, que foi aprobado pola Conferencia Sectorial de Turismo o 5 de outubro de 1999 e polo Consello de Ministros do 3 de decembro do mesmo ano, e que persegue a mellora da calidade do sector turístico español, así como a cooperación entre todos os axentes públicos e privados para lograr ese obxectivo.

Que a Consellería de Innovación e Industria, da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude das competencias atribuídas polo apartado 21 do artigo 27 do Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981 do 6 de abril, desenvolveu, así mesmo no exercicio das súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística da Comunidade Autónoma, promovendo proxectos, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.

Que a Deputación Provincial da Coruña, en virtude das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, do 2 de abril, elaborou diversos proxectos para a mellora turística dos municipios da provincia da Coruña en relación coas liñas estratéxicas e os programas da Secretaría de Estado de Turismo e Comercio e da Consellería competente en materia de turismo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que os empresarios entenden que a mellora da calidade turística das bisbarras de Ferrolterra e Ortegal ha de se formular a través dun continuo esforzo empresarial de mellora e modernización das súas instalacións e da diversificación e aumento na prestación de servizos.

Que todas as partes consideran que a mellora da competitividade turística da ría de Ferrol, bisbarras de Ferrol e Ortegal, e a súa sostibilidade económica, social e ambiental precisa dunha mellora da calidade do medio urbano e natural dos municipios que as integran, unha ampliación e mellora dos servizos públicos, unha adaptación ás tendencias da demanda e a posta en valor de novos recursos turísticos.

Que a confluencia das presentacións e programas de todas as partes aconsella a coordinación das súas actuacións e a realización conxunta de proxectos coa finalidade de lograr a excelencia turística dos municipios co máximo rendemento dos recursos empregados.

Por iso as entidades asinantes, sen renuncia ás súas competencias, acordan subscribir o presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA

Declárase á ría de Ferrol, bisbarras de Ferrol e Ortegal, destino piloto para a aplicación dun Plan de dinamización do produto turístico, o cal se concretará na realización de actuacións cos seguintes obxectivos:

- Aumento da calidade dos servizos turísticos do destino.

- Mellora do medio urbano e natural dos municipios que integran as ditas bisbarras.
- Ampliación e mellora dos espazos de uso público.
- Aumento, diversificación e mellora da oferta complementaria.
- Posta en valor de recursos turísticos.
- Creación de novos produtos.
- Sensibilización e implicación da poboación e axentes locais nunha cultura da calidade.

SEGUNDA

Para unha mellor consecución dos obxectivos do Plan de dinamización do produto turístico ría de Ferrol (bisbarras de Ferrol e Ortegal) e dentro do exercicio das súas respectivas competencias e fins, as partes asinantes comprométese respectivamente a:

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio

- Considerar prioritarios, dentro dos seus programas de actuacións e apoio ao sector, os proxectos turísticos dos municipios que converxan cos obxectivos do Plan de dinamización do produto turístico.
- Interesar a outros departamentos da Administración Xeral do Estado, a través da Comisión Interministerial de Turismo, na adopción de iniciativas e solución de problemas de carácter turístico dos municipios.

A Consellería de Innovación e Industria, da Comunidade Autónoma de Galicia

- Considerar prioritarios, dentro dos seus programas de actuacións e de apoio ao sector, os proxectos turísticos da Deputación Provincial da Coruña que converxan cos obxectivos do Plan de dinamización do produto turístico da ría de Ferrol, bisbarras de Ferrol e Ortegal .

A Deputación Provincial da Coruña:

- Procurar o coñecemento e difusión da filosofía, os obxectivos e as realizacións do Plan de dinamización do produto turístico entre a poboación e os axentes turísticos das bisbarras de Ferrol e Ortegal
- Velar polo desenvolvemento da actividade turística desa zona, no exercicio das súas competencias.
- Fomentar a sostibilidade económica, social e ambiental das bisbarras de Ferrol e Ortegal e especialmente a calidade do medio urbano e natural e a dos servizos públicos.
- Evitar o crecemento incontrolado dos núcleos turísticos e da oferta de aloxamento.
- Velar polo estrito cumprimento da normativa urbanística e de ordenación territorial.

A Cámara de Comercio de Ferrol e a Asociación de Empresarios de Hostalería anteriormente citada:

- Estimular entre as súas asociadas a adopción de iniciativas e proxectos que atendan á modernización e mellora dos establecementos, á elevación da calidade dos servizos, á ampliación da oferta complementaria e, en xeral, á mellora da competitividade.

- Difundir a filosofía, os obxectivos e as realizacións do Plan de dinamización do produto turística de Ferrol, bisbarras de Ferrol e Ortegal entre os seus asociados.
- Participar activamente no diagnóstico e proposta de actuacións para o cumprimento das fins do convenio.
- Promover actuacións con vistas a garantir a continuidade dos impulsos xerados por este plan.

TERCEIRA

As actuacións previstas no presente Plan de dinamización do produto turística de Ferrol, bisbarras de Ferrol e Ortegal, valóranse en tres millóns quiñentos mil un euros (3.500.001,00 €), que se financiarán polas tres Administracións públicas da forma seguinte:

- Novecentos cincuenta e un mil seiscientos sesenta e sete euros (951.667,00 €) corresponderalle á Administración do Estado.
- Un millón douscentos setenta e catro mil cento sesenta e sete euros (1.274.167,00 €) corresponderalle á Xunta de Galicia.
- Un millón douscentos setenta e catro mil cento sesenta e sete euros (1.274.167,00 €) corresponderalle á Deputación Provincial da Coruña.

O convenio desenvolverase a través da execución de proxectos, determinados anualmente, que atendan aos obxectivos, especificados na cláusula primeira.

A achega de cada unha das tres administracións será polos importes arriba indicados.

CUARTA

As achegas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio efectuaranse conforme ao seguinte cadro de distribución de anualidades:

Anualidade	Exercicio orzamentario	2006	2007	2008	Total anualidade
1ª	ACHEGA	371.185			371.185
2ª	ACHEGA		363.022		363.022
3ª	ACHEGA			217.460	217.460
TOTAL		371.185	363.022	217.460	951.667

A achega do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, en 2006, imputarase á aplicación orzamentaria 20.04.432A -765.00 da Secretaría Xeral de Turismo, e as de anos sucesivos ás aplicacións orzamentarias correspondentes e aboaranse tras a aprobación pola Comisión de Seguimento dos proxectos que se han executar anualmente.

Co fin de non alterar as anualidades comprometidas, se por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas, as actuacións non puidesen ser executadas nos prazos previstos, e por tal motivo se solicitase prórroga no prazo de execución e xustificación, a súa concesión por parte do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, Secretaría Xeral de Turismo, e xa que logo o aboamento anticipado da seguinte anualidade, estará condicionada á prestación de garantía, que haberá de se constituír en metálico ou en aval bancario, e que cubra o importe non xustificando e xuros de mora, até que a administración autorice a súa cancelación, unha vez executadas e xustificadas de conformidade as actuacións da anualidade correspondente. Para estes efectos, considerarase que as achegas de todas as partes correspondentes á anualidade de que se trate deixaron de se xustificar proporcionalmente. A garantía prestarase igualmente de forma previa á concesión de prórroga, se a solicitude se refire á última anualidade do plan.

A referida garantía constituírse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais, a disposición da Secretaría Xeral de Turismo con suxeición ao disposto no título II, capítulo I ao III do Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, aprobado por Real Decreto 161/1997 do 7 de febreiro.

Non obstante o anterior, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio axustará o pagamento anticipado dunha anualidade, á mesma porcentaxe en que no ano anterior resultase cumprida a achega convida polas outras partes deste convenio.

No caso de que a xustificación documental da aplicación dos fondos dunha anualidade sexa inferior ao seu importe total, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio reducirá a súa achega do primeiro pagamento anticipado que deba efectuar, na cantidade que, do importe non xustificando, corresponda á súa achega na anualidade de que se xustifica.

A xustificación documental da aplicación da totalidade dos fondos correspondentes a cada anualidade realizarase nos últimos 15 días do prazo vixente para esta mediante a presentación dos seguintes documentos ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio:

- Memoria xeral, na que se recolla o grao de cumprimento alcanzado en relación cos obxectivos propostos.
- Informe conciso por cada actuación.
- Informe sobre as repercusións do plan na prensa
- Certificado de se ter rexistrado na contabilidade o ingreso correspondente que se xustifica.
- Informe do interventor da Deputación Provincial da Coruña das obrigas recoñecidas imputadas a cada proxecto.
- Certificado do secretario da deputación, da realización das actuacións, no que se consignarán os seus importes executados correspondentes, co Vº e pr. do presidente da Comisión de Seguimento.

Todo o anterior enténdese sen prexuízo das funcións de control financeiro e de fiscalización que correspondan a outros órganos do Estado, polo que en calquera momento se poderán esixir

as facturas orixinais ou copias autenticadas conforme á lei que xustifiquen o investimento realizado.

No caso de se tratar de rexións obxectivo 1, co fin de poder xustificar a dita achega perante os órganos competentes da Comisión Europea, deberán achegarse as copias compulsadas das facturas orixinais das actuacións do plan que se soliciten.

Con cargo ao plan poderase realizar a implantación do Modelo de Aproximación á Calidade Turística MACT (metodoloxía de boas prácticas), desenvolvido pola Secretaría Xeral de Turismo, que porá para tal fin a disposición do plan a metodoloxía correspondente.

QUINTA

As achegas da Consellería de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia , efectuaranse conforme ao seguinte cadro de distribución de anualidades:

Anualidade	Exercicio Orzamentario	2006	2007	2008	2009	Total anualidade
1ª	ACHEGA	150.000				150.000
2ª	ACHEGA		324.167			324.167
3ª	ACHEGA			400.000		400.000
4ª	ACHEGA				400.000	400.000
TOTAL		150.000	324.167	400.000	400.000	1.274.167

A Consellería de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia en 2006 efectuará a súa achega con cargo aos seus orzamentos, aplicación orzamentaria 10 06 651A 760.0 , e as de anos sucesivos, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes e aboarse de conformidade co cadro de distribución de anualidades especificado na presente cláusula.

A xustificación documental da aplicación dos fondos correspondentes a cada anualidade, á Consellería de Innovación e Industria realizarase da forma seguinte:

- Memoria xeral, na que se recolla o grao de cumprimento alcanzado en relación cos obxectivos propostos aprobados pola Comisión de Seguimento.
- Informe sucinto de cada actuación.
- Informe sobre as repercusións do plan nos medios de comunicación.
- Certificado do secretario da Deputación provincial no que se transcriba o acordo adoptado polo órgano competente desta, aprobando as facturas correspondentes á execución do obxecto do convenio, co seu importe e imputados a cada proxecto.
- Co último pagamento da achega remitirase unha declaración das axudas solicitadas, concedidas e pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, por parte das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Así mesmo, á finalización do plan remitirase por parte da xerencia unha memoria global das actuacións realizadas coa axuda do plan que inclúa os produtos turísticos creados, a repercusión económica no territorio e a coordinación con outros proxectos levados a cabo nese espazo xeográfico, así como tamén a previsión da xestión turística do destino unha vez finalizado o Plan de dinamización.

Todo o anterior enténdese sen prexuízo do compromiso de facilitar toda a información que sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello Galego de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda obxecto do presente convenio.

SEXTA

A Deputación Provincial da Coruña efectuará as súas achegas dentro de cada anualidade, con cargo á aplicación orzamentaria 0305/751 A/628.00, conforme ao seguinte cadro de distribución de anualidades:

Anualidade	Exercicio Orzamentario	2006	2007	2008	2009	Total anualidade
1ª	ACHEGA	318.000				318.000
2ª	ACHEGA		318.000			318.000
3ª	ACHEGA			318.000		318.000
4ª	ACHEGA				320.167	320.167
TOTAL		318.000	318.000	318.000	320.167	1.274.167

As achegas de todas as partes ingresaranse nunha conta que a Deputación Provincial da Coruña determine, de conformidade co establecido na cláusula seguinte.

SÉTIMA

A Deputación Provincial da Coruña como administración executora das actuacións materiais derivadas do presente convenio, procederá á apertura dunha conta de carácter restrinxido que fará fronte ás obrigas derivadas das actuacións do plan debidamente autorizadas pola Comisión de Seguimento e que quedará afectada a estas. Na devandita conta ingresaranse as achegas das administracións asinantes e calquera outras que deriven da execución do presente convenio.

A Deputación Provincial da Coruña xustificará perante as outras administracións asinantes a apertura da conta e o seu carácter restrinxido .

OITAVA

Créase unha Comisión de Seguimento do Plan de dinamización de produto turístico ría de Ferrol, bisbarras de Ferrol e Ortegá sen personalidade xurídica, formada polos representantes das partes asinantes, que terá as seguintes atribucións:

- Aprobar anualmente os proxectos en que se concreten as actuacións que se han realizar, agás os da primeira anualidade, cuxa aprobación producirán as administracións intervenientes ao subscribir o convenio.
- Proceder á revisión e adecuación das actuacións sempre que o aconsellen as circunstancias.
- Programar a execución dos proxectos, determinar os criterios para a súa realización e verificar a súa execución, así como a súa adecuación ás fins perseguidas.
- Adoptar as medidas que estime máis adecuadas para a mellor organización e funcionamento do convenio.
- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento do convenio.
- Actuar, sen prexuízo das competencias da correspondente Mesa de Contratación, como Comisión Asesora para elaborar informes ao órgano de contratación da Deputación Provincial da Coruña, nas adxudicacións dos contratos que afecten ao Plan de dinamización do produto turístico e na selección do xerente, agás naqueles casos nos que a Comisión renuncie expresamente a iso.
- Solicitar ás partes asinantes, cando algunha circunstancia sobrevida así o aconselle, a ampliación do prazo de execución e xustificación das actuacións, cunha antelación mínima de dous meses.
- Propor o nomeamento do xerente, conforme aos principios de igualdade, publicidade e concorrência.
- Dirixir o labor da xerencia e autorizar e verificar os seus gastos.
- Acordar, motivadamente, a aplicación dos remanentes a que se refire a cláusula novena.

A Comisión de Seguimento rexerese polas seguintes normas:

- Estará formada por: o secretario xeral de Turismo ou o funcionario do seu Centro Directivo que el designe, así como un representante da Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia, por parte da Administración Xeral do Estado; o director xeral de Turismo e o funcionario do seu Centro Directivo que el designe, por parte da Comunidade Autónoma de Galicia; o presidente da Deputación Provincial da Coruña e o deputado provincial de Promoción Económica; o presidente ou persoa que este designe, por parte da Cámara de Comercio e da Asociación de Empresarios de Hostalería de Ferrol.
- Entenderase validamente constituída cando estean representadas todas as administracións asinantes.
- Poderá convidar a asistir ás súas reunións aos expertos ou técnicos que considere necesario, quen terán voz pero non voto.
- O presidente da Deputación Provincial da Coruña ou a persoa en quen delegue presidirá a Comisión de Seguimento.
- Como secretario actuará o xerente do plan. No caso de vacante actuará como secretario da Comisión o secretario da Deputación Provincial da Coruña
- Reunirase por iniciativa do seu presidente, cando algún dos seus membros o solicite e, en calquera caso, un mínimo de tres veces ao ano.
- Os acordos serán adoptados por maioría das partes representadas, agás a aprobación das actuacións, a súa modificación e solicitude de prórroga do prazo de execución e xustificación que esixirá a unanimidade das administracións; no caso de que existan varias asociacións empresariais, o conxunto dos seus representantes constituirá unha parte cun único voto, que será acordado entre elas.

NOVENA

A Comisión de Seguimento determinará anualmente, agás na primeira anualidade, e de acordo cos obxectivos da cláusula primeira, as actuacións que se han realizar. A determinación de actuacións dunha anualidade deberá realizarse durante o prazo de vixencia inicial da anualidade anterior, é dicir, excluindo posíbeis prórrogas .

De se producir remanentes de fondos pola non execución dalgunhas das actuacións previstas ou por un menor custo do previsto nas realizadas, a Comisión de Seguimento poderá acordar motivadamente:

- A) destinalos para financiar a realización doutras actuacións cuxo custo fose superior ao previsto, ou ben
- B) aplicalos a novas actuacións que coadxuven á consecución dos obxectivos establecidos na cláusula primeira, sempre que non supoña a necesidade de novas achegas.

DÉCIMA

Co fin de xestionar, aplicar e executar o Plan de dinamización do produto turístico ría de Ferrol, bisbarras de Ferrol e Ortegá creárase, sen personalidade xurídica, unha Xerencia do Plan como órgano de apoio á Comisión de Seguimento.

As funcións que vai desenvolver a Xerencia serán:

- Impulsar as actuacións do plan.
- Difundir o plan.
- Colaborar na reflexión estratéxica sobre o Plan de dinamización do produto turístico das bisbarras de Ferrol e Ortegá como destino turístico.
- Efectuar propostas de actuacións.
- Procurar a coordinación do Plan de dinamización do produto turístico con outras actuacións que poidan realizar na zona as administracións representadas no convenio.
- Solicitar a documentación precisa para a xustificación das actuacións do plan a que se refire a cláusula cuarta do presente convenio e en particular a referida ao FEDER nos casos en que sexa preciso.
- Exercer a Secretaría da Comisión de Seguimento e do plan.
- Calquera outra que lle asigne a Comisión de Seguimento.

A contratación e o pagamento das remuneracións da Xerencia corresponderalle á Deputación Provincial da Coruña e realizarase con cargo aos fondos asignados ao plan, aínda que a dita Xerencia dependa para todos os efectos da Comisión de Seguimento.

UNDÉCIMA

Antes da sinatura do presente convenio, e como condición previa para a súa posta en vigor, as institucións asinantes fixarán o programa de actuacións que deberá ser executado durante a primeira anualidade e proporánlle, se é o caso, á Deputación Provincial da Coruña, a convocatoria do posto de xerente. O programa de actuacións de primeira anualidade asinarase xunto co convenio, uníndose como anexo a este.

A Deputación Provincial da Coruña procederá á convocatoria do posto de xerente, pero non levará a cabo a súa adxudicación até que, constituída a Comisión de Seguimento, esta lle propoña á persoa que ha de ser contratada, conforme ao disposto na cláusula oitava. A Deputación Provincial da Coruña poderá imputar os gastos derivados do procedemento de selección do xerente aos correspondentes orzamentos do plan, unha vez asinado este.

DUODÉCIMA

A execución e xustificación dos proxectos aprobados pola Comisión corresponderalle á Deputación Provincial da Coruña

O prazo para a execución e xustificación das actuacións será dun ano, a partir da data do acordo da Comisión de Seguimento en que se determinen.

Na primeira anualidade o prazo dun ano contabilizarase desde a sinatura do convenio.

No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a xustificación realizarase antes de finalizar o ano natural, conforme á norma que dite a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

En concordancia co artigo 140.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se da execución das actuacións derivadas do presente convenio se producisen lesións nos bens e dereitos dos particulares, a responsabilidade patrimonial a que, se é o caso, desen lugar será da Deputación Provincial da Coruña como entidade executora .

DÉCIMO TERCEIRA

Co obxecto de facer o plan máis visíbel, tanto para a poboación local como para visitantes e turistas, e xa que logo facilitar a súa política de comunicación, necesariamente realizaranse as seguintes actuacións:

Edición dun tríptico para a súa difusión entre residentes e turistas da existencia do Plan de dinamización do produto turístico, dos seus obxectivos xerais e actuacións concretas no destino. Realizaranse polo menos tres edicións, nas que se informará das actuacións realizadas en cada anualidade.

Sesión informativa, mediante un acto público dirixido ao empresariado, medios de comunicación e poboación en xeral, para informar dos obxectivos e actuacións do Plan de dinamización do produto turístico.

- Paneis nos accesos aos municipios, co deseño que se acorde, e o texto “Destino piloto de dinamización do produto turístico ría de Ferrol, bisbarras de Ferrol e Ortegá”.
- Paneis informativos nas obras que se realicen con cargo ao orzamento do Plan de dinamización do produto turístico, en todo ou en parte.

En todas as publicacións, material gráfico, trípticos e paneis a que se refire a presente cláusula, financiadas en todo ou en parte co orzamento do plan, incluírase a lenda “Plan de dinamización do produto turístico ría de Ferrol, bisbarras de Ferrol e Ortegá ”, así como a imaxe institucional de todos os asinantes do convenio. No caso de se tratar de rexións obxectivo 1, farase constar ademais do sinalado no parágrafo anterior, o logotipo do FEDER.

DÉCIMO CUARTA

O presente convenio terá unha duración de catro anos a partir da data da sinatura, agás no que se refire ao compromiso de achega financeira, que será de tres anos para a administración do Estado e, catro anos para as outras dúas administracións.

A resolución terá como efecto a devolución ás partes dos fondos achegados e non xustificadas até o momento da súa efectividade.

Polo que respecta ao incumprimento implicará a devolución dos fondos, cos correspondentes xuros segundo o disposto no art. 38.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e indemnización, se é o caso, de prexuízos, se o incumprimento provén da administración executante e, á devolución dos fondos achegados polas demais partes, e indemnización de prexuízos, se o incumprimento provén da falta de achega por calquera das outras partes achegantes.

DÉCIMO QUINTA

A Deputación Provincial da Coruña, como entidade executora e xestora das actuacións que se ha realizar en cada anualidade en cumprimento do convenio, estará obrigada ao mantemento en todo momento e, así mesmo, tras a finalización da vixencia temporal deste, das finalidades propias en prol das cales se celebra o convenio e polas que se levan a cabo as actuacións concretas e se efectúan, precisamente, os investimentos que en cada caso se determinan.

O incumprimento pola parte executora do deber de mantemento, ou o posíbel estrago grave de inmóbeis ou instalacións, así como o abandono ou incumprimento da fin ou fins para as cales se efectuaron os investimentos acordados durante o prazo de vixencia do plan e un período de cinco anos a partir da súa conclusión, dará lugar ao reintegro das achegas efectuadas polas outras partes, co correspondente xuro, segundo o disposto no art. 38.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

DÉCIMO SEXTA

O réxime xurídico aplicábel a este convenio, no que respecta ás administracións públicas que del son parte, é o establecido no título I da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, do 26 de novembro, sendo de aplicación así mesmo as restantes normas de Dereito Administrativo en materia de interpretación, modificación e resolución das cuestións non contempladas no convenio que se subscribe.

DÉCIMO SÉTIMA

As cuestións litixiosas que xurdan na interpretación e cumprimento do presente convenio, sen prexuízo do disposto na cláusula oitava, serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional Contencioso Administrativo.

E en proba de conformidade asínano, por sextuplicado exemplar os intervenientes, no lugar e data indicados no encabezamento.

O SECRETARIO DE ESTADO DE
TURISMO E COMERCIO

Asdo.: Pedro Mejía Gómez

O CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN E
INDUSTRIA DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA DE GALICIA

Asdo.: Fernando Xabier Blanco Álvarez

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE
EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE

FERROL E COMARCA

Asdo.: Salvador Fernández Moreda

Asdo.: Julio Martínez Martínez

O PRESIDENTE DA CÁMARA DE
COMERCIO DE FERROL

Asdo.: Francisco Cruz Senra

ANEXO

ANEXO DE APROBACIÓN DE ACTUACIÓN DA 1ª ANUALIDADE

Apróbanse as actuacións definidas polas partes asinantes en acta con data de..... de 2006.

O SECRETARIO DE ESTADO DE
TURISMO E COMERCIO

O CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN E
INDUSTRIA DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA DE GALICIA

Asdo.: Pedro Mejía Gómez

Asdo.: Fernando Xabier Blanco Álvarez

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE
EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE
FERROL E COMARCA

Asdo.: Salvador Fernández Moreda

Asdo.: Julio Martínez Martínez

O PRESIDENTE DA CÁMARA DE
COMERCIO DE FERROL

Asdo.: Francisco Cruz Senra

PROPOSTA DEFINITIVA DIRECCIÓN XERAL DE TURISMO:

IDENTIDADE CORPORATIVA

Creación&deseño de marca e edición do manual de identidade corporativa

Rexistro e protección da marca

30.000

18.000

PROMOCIÓN DO PDPT

Edición dun/dous folleto/s promocional/ais da zona (cast/gal) onde se recollan os

obxectivos xerais do Plan e as actuacións da 1ª anualidade

XORNADAS PROFESIONAIS

Foro de debate/mesas de traballo con axentes públicos e privados para comunicar as directrices do plan, acoller iniciativas, lanzar propostas, coordinar actuacións en marcha, etc. 15.000

CAMPAÑA DE CONCIENCIACIÓN

Dirixida á poboación en xeral e ao sector turístico da zona 12.000

SIÑALIZACIÓN

Paneis de acceso aos municipios co texto de destino piloto do PDPT.
Elaboración dun plan de sinalización turística do destino (estudo de necesidades e plan de implantación, con proposta de retirada das vellas) 40.000

CREACIÓN DE RUTAS TEMÁTICAS

Camiño de San Andrés de Teixido
Camiño inglés
Miradoiros e rede de sendeiros da Capelada
Patrimonio industrial, naval e militar
Rutas gastronómicas 72.185

PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA CALIDADE TURÍSTICA

Implantación do MACT (1ª fase) 30.000

INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E RECEPCIÓN DE VISITANTES

Rede de puntos de información turística e proxectos de acondicionamento de centros de recepción de visitantes 370.000

POTENCIACIÓN DO TURISMO NÁUTICO

Instalación de bases náuticas en municipios costeiros e outras actuacións 150.000

PÁXINA WEB

Deseño, desenvolvemento e promoción da páxina web 30.000

PERFIL DO TURISTA E ESTUDO DE MERCADO

Estudo do mercado turístico e perfil do turista 12.000

XERENCIA DO PLAN

60.000

TOTAL PRIMEIRA ANUALIDADE

839.185

27.- PROPOSTA DE FORMALIZACIÓN DO CONVENIO COA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PLAN PILOTO DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA DE PORTODEMOUROS

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña, e a Consellería de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento dun Plan piloto de mellora da calidade turística de Portodemouros.

2.-Comprométese a deputación a incluír nos presupostos crédito suficiente para financiar a achega provincial ás respectivas anualidades, previstas no clausulado do convenio de acordo co seguinte detalle:

Anualidade 2006.....	300.000,00 €
Anualidade 2007-----	150.000,00 €
Anualidade 2008-----	150.000,00 €

3.- Aprobar de conformidade co establecido no artigo 155.5 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, a modificación das porcentaxes dos gastos de carácter plurianual destinados ao financiamento das obras nas anualidades 2006, 2007 e 2008 que quedan establecidos tal e como se indican no apartado precedente.

A achega poderá facerse efectiva de acordo coas previsións e requisitos fixados no texto do convenio con cargo á partida 0305/751A/628.00.

4.- Os acordos da Comisión de Seguimento, prevista no clausulado do convenio, referidos á aprobación dos proxectos que se han executar no seu cumprimento, serán sometidos á aprobación do Pleno da Deputación provincial, en cumprimento da disposición contida no artigo 107 de Lei 5/1997 de administración local de Galicia, que literalmente di:

...1.- Correspóndenlle, en todo caso, ao Pleno as seguintes atribucións:

... d) A aprobación dos proxectos de carácter provincial.

“5.- Designar como representantes da deputación na Comisión de Seguimento do plan ao Sr. presidente da Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo, D. Pablo Villamar Díaz , que a presidirá, e a D. Gonzalo Prego Fernández .

6.- O presente acordo queda condicionado, na súa vixencia, á definitiva entrada en vigor do expediente modificativo de créditos 1/2006, no que figuran incorporados 300.000 € na partida 0305/751.A/629.99 para facer fronte á achega provincial prevista no convenio para o presente exercicio 2006.

7.- Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio"

O texto íntegro do convenio é o que queda detallado no anexo I do presente acordo”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PLAN PILOTO DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA EN PORTODEMOUROS

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte:

O Excmo. Sr. D. Fernando Xabier Blanco Álvarez, conselleiro de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro e no Decreto 213/1983, do 3 de agosto, polo que se nomean conselleiros da Comunidade Autónoma de Galicia, e autorizada a sinatura deste convenio polo acordo do Consello de Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, con data do.....

Doutra:

O Ilmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda como presidente da Deputación Provincial da Coruña, nomeado polo acordo do Pleno do 26 de novembro de 2003, e facultado para a subscripción do presente convenio polo acordo do Pleno de, actuando en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do disposto no artigo 21 apartado 1 letra b da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

Todos recoñecen na representación que teñen capacidade para formalizar o presente convenio e para tal efecto

EXPOÑEN

Que a Consellería de Innovación e Industria, da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude das competencias atribuídas polo apartado 21 do artigo 27 do Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981 do 6 de abril, desenvolveu, así mesmo no exercicio das súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística da Comunidade Autónoma, promovendo plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.

Que a Deputación Provincial da Coruña, en virtude das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, do 2 de abril, elaborou diversos proxectos para a mellora turística dos municipios de Portodemouros: Melide, Toques, Santiso, Sobrado, Arzúa, Touro, Boimorto, O Pino, Boqueixón, Vedra e Vilasantar, da provincia da Coruña en relación coas liñas estratéxicas e os programas da Consellería de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que todas as partes consideran que a mellora da competitividade turística de Portodemouros e a súa sostibilidade economía, social e ambiental precisa dunha mellora da calidade do medio urbano e natural dos municipios que as integran, unha ampliación e mellora dos servizos

públicos, unha adaptación ás tendencias da demanda e a posta en valor de novos recursos turísticos.

Que a confluencia das formulacións e programas de ambas partes aconsella a coordinación das súas actuacións e a realización conxunta de proxectos coa finalidade de acadar a mellora da calidade turística dos dez concellos desta zona piloto co máximo rendemento dos recursos empregados.

Por iso as entidades que asinan, sen renuncia ás súas competencias, acordan subscribir o presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA

O obxecto deste convenio é a regulación das bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Turismo, e a Deputación da Coruña, para a aplicación do Plan piloto de mellora da calidade turística de Portodemouros, que comprende o ámbito territorial dos seguintes concellos: Melide, Toques, Santiso, Sobrado, Arzúa, Touro, Boimorto, O Pino, Boqueixón, Vedra e Vilasantar.

O Plan prevé a realización dun conxunto de actuacións cos seguintes obxectivos:

- Dotacións de infraestruturas, equipamentos e servizos turísticos axeitados ou no seu caso, mellora da calidade dos existentes.
- Potenciación da diversificación e mellora da oferta complementaria.
- Creación de novos produtos turísticos.
- Posta en valor e presentación do patrimonio cultural e natural.
- Sensibilización, formación e implicación da poboación e axentes locais nunha cultura de calidade.
- Comunicación, promoción e comercialización da oferta turística.

As actuacións que aproben a Comisión de Seguimento para cada anualidade deben respectar estes dous principios:

- O turismo sostíbel como principal eixe de desenvolvemento socioeconómico para este territorio no futuro, cunha aposta decidida pola calidade e singularidade do produto.
- A reflexión estratéxica global, que busque a coordinación de actuacións que inciden no sector turístico por parte das diversas administracións públicas con competencia neste territorio e das comarcas limítrofes da provincia de Pontevedra, prestando unha especial atención ás políticas de integración ambiental e de desenvolvemento rural, e que xire arredor de dous eixes vertebradores da zona como destino turístico: o Camiño de Santiago e o encoro de Portodemouros.

SEGUNDA

Para unha mellor consecución dos obxectivos do Plan e dentro do exercicio das súas respectivas competencias e fins, as partes que asinan comprométense respectivamente a:

A Consellería de Innovación e Industria, da Comunidade Autónoma de Galicia

- Considerar prioritarios, dentro dos seus programas de actuacións e de apoio ao sector, os proxectos turísticos da Deputación Provincial da Coruña que converxan cos obxectivos do Plan piloto de mellora da calidade turística en Portodemouros.

A Deputación Provincial da Coruña:

- Procurar o coñecemento e difusión da filosofía, os obxectivos e as realizacións do Plan piloto de mellora da calidade turística entre as poboacións e os axentes turísticos dos Concellos de: Melide, Toques, Santiso, Sobrado, Arzúa, Touro, Boimorto, O Pino, Boqueixón, Vedra e Vilasantar.
- Velar polo desenvolvemento da actividade turística desta zona, no exercicio das súas competencias.
- Fomentar a sostibilidade económica, social e ambiental dos devanditos concellos e especialmente a calidade do medio urbano e natural e a dos servizos públicos.

TERCEIRA

As actuacións previstas dentro do Plan piloto de mellora da calidade turística de Portodemouros, valóranse nun millón douscentos mil euros (1.200.000 €), que se financiarán a partes iguais polas dúas Administracións públicas asinantes.

A colaboración desenvolverase a través da determinación e o seguimento conxunto das actuacións que se executarán en cada anualidade, que atenderán aos obxectivos especificados na cláusula primeira.

CUARTA

As achegas da Consellería de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia, efectuaranse de acordo ao seguinte cadro de distribución de anualidades:

Anualidade	Exercicio orzamentario	2006	2007	2008	Total anualidade
1ª	ACHEGA	250.000			250.000
2ª	ACHEGA		200.000		200.000
3ª	ACHEGA			150.000	150.000
TOTAL		250.000	200.000	150.000	600.000

A Consellería de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia en 2006 efectuará a súa achega con cargo aos seus orzamentos, aplicación orzamentaria 10 06 651A 760.0, e as de anos sucesivos, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes e aboarase de conformidade co cadro de distribución de anualidades especificado na presente cláusula unha vez xustificada a aplicación dos fondos.

A xustificación documental da aplicación dos fondos correspondentes a cada anualidade á Consellería de Innovación e Industria realizarase da forma seguinte:

- Memoria xeral, na que se recolla o grao de cumprimento acadado en relación cos obxectivos e actuacións aprobadas pola Comisión de Seguimento.
- Informe conciso de cada actuación.
- Informe sobre as repercusións do Plan nos medios de comunicación.
- Certificado do secretario da Deputación provincial no que se transcriba o acordo adoptado polo seu órgano competente, aprobando as facturas correspondentes á execución do obxecto do convenio, co seu importe e imputadas a cada proxecto.
- Co último pagamento da achega remitirase unha declaración das axudas solicitadas, concedidas e pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, por parte das distintas Administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Así mesmo, á finalización do plan a Xerencia remitirá unha memoria global das actuacións realizadas coa axuda do Plan que inclúa os produtos turísticos creados, a repercusión económica no territorio e a coordinación con outros proxectos levados a cabo nese espazo xeográfico, así como tamén a previsión da xestión turística do destino unha vez finalizado o plan piloto.

Todo o anterior entendese sen prexuízo do compromiso de facilitar toda a información que sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello Galego de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino da axuda obxecto do presente convenio.

QUINTA

A Deputación Provincial da Coruña efectuará as súas achegas dentro de cada anualidade, con cargo á aplicación orzamentaria 0305/751A/628.00, conforme ao seguinte cadro de distribución de anualidades:

Anualidade	Exercicio orzamentario	2006	2007	2008	Total anualidade
1ª	ACHEGA	300.000			300.000
2ª	ACHEGA		150.000		150.000

3ª	ACHEGA			150.000	150.000
TOTAL		300.000	150.000	150.000	600.000

SEXTA

A Deputación Provincial da Coruña, como administración executora das actuacións materiais derivadas do presente convenio, procederá á apertura dunha conta que fará fronte ás obrigas derivadas das actuacións do plan debidamente autorizadas pola Comisión de Seguimento. Na devanita conta ingresaranse as achegas das administracións asinantes e calquera outras que deriven da execución do presente convenio.

SÉTIMA

Créase unha Comisión de Seguimento, sen personalidade xurídica, formada polos representantes das partes asinantes do convenio, que terá as seguintes atribucións:

- Aprobar as actuacións que se han levar a cabo, determinar os criterios para a súa realización e verificar a súa execución, así como a súa adecuación ás fins perseguidas.
- Proceder á revisión e adecuación das actuacións sempre que o aconsellen as circunstancias.
- Propoñer a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento do convenio.
- Solicitalles ás partes asinantes, cando algunha circunstancia sobreviva así o aconselle, a ampliación do prazo de execución e xustificación das actuacións, cunha antelación mínima de dous meses.
- Propoñer o nomeamento da persoa que exerza as funcións da Xerencia do plan.
- Dirixir o labor da Xerencia e autorizar e verificar os seus gastos.
- Acordar a aplicación dos remanentes á que se refire a cláusula oitava.

A Comisión de Seguimento rexerese polas seguintes normas:

- Estará formada por catro membros, dunha parte, o director xeral de Turismo da Xunta de Galicia ou a persoa en quen delegue e un funcionario do seu Centro Directivo que el designe, e doutra, o presidente da Deputación Provincial da Coruña ou persoa que este designe e o deputado provincial de Promoción Económica, que a presidirá.
- Poderá invitar para que asistan ás súas reunións aos expertos ou técnicos que considere necesario, os cales terán voz pero non voto.
- Actuará como secretario a persoa que desempeñe a Xerencia do plan, agás no caso de vacante, que exercerá o xefe da Sección de Promoción Económica da Deputación provincial.
- Reunirse por iniciativa do seu presidente, cando algún dos seus membros o solicite e, en calquera caso, un mínimo de tres veces ao ano.
- Os acordos de aprobación das actuacións, a súa modificación e solicitude de prórroga do prazo de execución e xustificación esixirá unanimidade.

OITAVA

O programa coas actuacións aprobadas pola Comisión de Seguimento serán sometidas, con posterioridade, para a súa expresa aprobación, ao Pleno de Deputación Provincial de Coruña, así como á Dirección Xeral de Turismo da Xunta de Galicia.

De producirse remanentes de fondos pola non execución dalgunhas das actuacións previstas ou por un menor custo do previsto nas realizadas, a Comisión de Seguimento poderá acordar motivadamente:

- destinalos a financiar a realización doutras actuacións aprobadas cuxo custe fose superior ao previsto, ou ben,
- aplicalos a novas actuacións que contribúan á consecución dos obxectivos establecidos na cláusula primeira, sempre que non supoña a necesidade de novas achegas por parte das entidades asinantes.

NOVENA

Coa finalidade de xestionar, aplicar e executar o plan crearase, sen personalidade xurídica, unha Xerencia do plan como órgano de apoio á Comisión de Seguimento.

As funcións que han desenvolver a Xerencia serán:

- Impulsar as actuacións do plan.
- Difundir o plan.
- Colaborar na reflexión estratéxica sobre o plan.
- Efectuar propostas de actuacións.
- Procurar a coordinación deste plan con outras actuacións que poidan levar a cabo na zona das administracións representadas no convenio.
- Recadar a documentación precisa para a xustificación das actuacións do plan a que se refire a cláusula cuarta do presente convenio.
- Exercer a Secretaría da Comisión de Seguimento e do plan.
- Calquera outra que lle asigne a Comisión de Seguimento.

A contratación da Xerencia corresponderalle á Deputación Provincial da Coruña e realizarase en todo caso con respecto aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade. Igualmente correspóndelle á Deputación o pagamento das súas remuneracións, que realizará con cargo aos fondos asignados ao plan, aínda que a Xerencia dependa a todos os efectos da Comisión de Seguimento.

DÉCIMA

No prazo dun mes dende a sinatura do convenio, a Comisión de Seguimento fixará o programa de actuacións para a primeira anualidade e propondrá o nomeamento do xerente do plan.

A Deputación Provincial da Coruña procederá á licitación da Xerencia do plan, pero non levará a cabo a súa adxudicación até que, constituída a Comisión de Seguimento, esta propoña a persoa que desempeñe esas tarefas. A Deputación Provincial da Coruña poderá imputar os

gastos derivados do procedemento de selección do xerente aos correspondentes orzamentos do plan, unha vez asinado.

DÉCIMO PRIMEIRA

A execución e xustificación dos proxectos aprobados pola Comisión de Seguimento corresponderalle á Deputación Provincial da Coruña.

O prazo para a execución e xustificación das actuacións será dun ano, a partir da data do acordo da Comisión de Seguimento no que se determinen. Na primeira anualidade o prazo dun ano contabilizarase desde a sinatura do convenio.

No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a xustificación da súa achega realizarase antes de finalizar o ano natural, de conformidade coa norma aplicábel da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

En concordancia co artigo 140.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se como consecuencia da execución das actuacións derivadas do presente convenio se producisen lesións nos bens e dereitos dos particulares, a responsabilidade patrimonial a que, de ser o caso, desen lugar será da Deputación Provincial da Coruña, como entidade executora.

DÉCIMO SEGUNDA

O presente convenio terá unha duración de catro anos a partir da data da súa sinatura, agás no que se refire ao compromiso de achega financeira, que será de tres anos.

A resolución terá como efecto a devolución ás partes dos fondos achegados e non xustificadas até o momento da súa efectividade.

DÉCIMO TERCEIRA

A Deputación da Coruña, como entidade executora e xestora das actuacións, será a responsábel do mantemento en todo momento, e tras a finalización da súa vixencia temporal, das finalidades propias a prol das que se celebra o convenio e polas que se levan a cabo as actuacións concretas e se efectúan, precisamente, os investimentos que en cada caso se determinen.

DÉCIMO CUARTA

O réxime xurídico aplicábel a este convenio é o establecido no título I da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, do 26 de novembro, sendo de aplicación, así mesmo, as restantes normas de Dereito Administrativo en materia de interpretación, modificación e resolución das cuestións non contempladas no convenio que se subscribe.

Resultan de aplicación, polo que se refire ás axudas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, as prescricións contidas no artigo 78 e seguinte do Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

DÉCIMO QUINTA

As cuestións litixiosas que xurdan na interpretación e cumprimento do presente convenio, sen prexuízo do disposto na cláusula oitava, será de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade asínano, por triplicado exemplar os intervinientes, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN E
INDUSTRIA DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA DE GALICIA

Ado.: Salvador Fernández Moreda

Ado.: Fernando Xabier Blanco Álvarez”

28.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA. TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DO DEPUTADO SR. RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ E DECLARACIÓN DE VACANTE DE DEPUTADO PROVINCIAL.

Sr. secretario

Como di a Proposición da Presidencia, procede a ratificación previa da inclusión na orde do día .

Por unanimidade, ratifícase a inclusión na orde do día e apróbase a seguinte Proposición da Presidencia:

“1.-Tomar coñecemento da renuncia presentada ao seu cargo polo deputado provincial, D. Dositeo Rodríguez Rodríguez.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Administración electoral a vacante existente, para os efectos da substitución disposta no artigo 208 da Lei 5/85, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.”

INTERVENCIONS

Sr. Torres Colomer

Non sei que é o procedente, se o Sr. voceiro ou o Sr. deputado que se despide.

Sr. presidente

Cedémoslle a palabra –por última vez- ao Sr. Rodríguez.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Eu, saltándome o protocolo, e o respecto que lle teño ao meu voceiro, e amigo, quería simplemente dicir, moi breve, unha intervención.

Eu quería transmitir o meu orgullo persoal por formar parte desta Corporación durante sete anos, catro anos tivemos responsabilidades de goberno, eu, pola miña parte, procurei axudar aos cidadáns da provincia en áreas que me parecían fundamentais, a sociedade da información, ou o propio persoal da casa.

Eu quería dicir algo, antes de nada agradecer a todo o persoal da deputación, personificado aquí polo Sr. secretario e o Sr. interventor, a súa dedicación, a súa entrega e a súa profesionalidade. Nós, moitas veces, non estabamos de acordo, pero sempre o respectamos, e temos os mellores profesionais que se poden ter.

En segundo lugar, expresarlles a todos vostedes o meu respecto persoal, independentemente de que ás veces non esteamos de acordo e debatamos, pero creo que os tres Grupos temos unha característica común: querer a esta deputación e confiar na deputación como institución.

E esta é a última parte do que quería dicir: eu creo, profundamente, que estamos nun momento moi importante, no que se está a cuestionar a propia existencia desta institución, é a miña última intervención e considérome obrigado a dicilo. Eu defendo con unllas e dentes a deputación, creo que é unha institución fundamental, creo que están errados os que cren que se pode destruír a deputación, partíndoa, a través da autonomía orzamentaria, a organizacións inferiores, non inferiores conceptualmente pero si territorialmente. Eu tiven a honra de ser conselleiro de Presidencia e de realizar a Lei de desenvolvemento comarcal, que tiña dous eixes: o primeiro, respectar a autonomía de todas as administracións; e o segundo, coordinación, dereito lexítimo a traballar conxuntamente en todos os temas, porque todos temos intereses neles. Os que crean que as deputacións son obsoletas están equivocados, van en contra dun principio fundamental, que non só é español, é europeo, o principio de subsidiariedade. Que as deputacións nun momento determinado sexan dun partido ou doutro é irrelevante, aquí estamos a aprobar por unanimidade moitísimos temas, e antes gobernaba o Partido Popular; agora goberna o Partido Socialista en coalición co BNG, e seguimos aprobando por unanimidade a inmensa maioría dos temas, porque son temas que afectan aos concellos, e os concellos teñen alguén que fala por eles, que é a deputación, e alguén que os axuda.

E hoxe dirixíriame especialmente ao BNG. Vostedes, ideoloxicamente, manifestáronse moitas veces en contra das deputacións, creo que agora que teñen

labores de goberno poderán apreciar a utilidade e a importancia que teñen as deputacións. E transmítoles un rogo persoal, -como é obvio, xa non falo en nome de ninguén-, de que lle transmitan aos seus compañeiros de ideoloxía política que non se pode falar alegremente de que as deputacións están obsoletas e que non valen. De verdade que valen, e cada vez máis. Se non existisen as deputacións, ou debilitaríamos a acción de coordinación, ou chegaríamos a un novo centralismo da Xunta de Galicia. Un concello pequeno non se pode entender exclusivamente coa Xunta de Galicia, é imposible. E outro modelo comarcal que se implantou en Cataluña, dándolle competencias orzamentarias ás comarcas, acabou fracasando, e todo o mundo o sabe.

Polo tanto, quixen facer esta intervención reiterando dúas cousas: a defensa das deputacións, e a nivel persoal, a miña gratitude a todos vostedes pola súa amabilidade e pedindo desculpas polos erros que puiden ter cometido. Moitas grazas.

Sr. Torres Colomer

Simplemente para lle agradecer ao Sr. Rodríguez o labor que fixo desde esta deputación a favor dos concellos durante os catro anos de goberno, e agora tamén os tres de oposición, ese labor como voceiro de economía do Grupo Popular aquí na deputación. E dicirlle, non de cumprimento, senón de corazón, que o imos botar de menos.

E con referencia ás deputacións, pois por suposto comparto ese futuro que facía das deputacións, que son esenciais, compártooo plenamente con el. Nada máis e moitas grazas, e desexarlle boas singraduras na súa nova vida.

Sr. Lagares Pérez

Moi brevemente. Indubidabelmente, eu son unha das persoas que a nivel persoal vou botar de menos ao Sr. Rodríguez, el sábeo perfectamente. No nome do equipo de goberno, e en particular do Grupo Provincial Socialista, queremos expresarlle o seu traballo e dedicación que tivo nos seus catro anos de goberno, como nos seus tres anos de oposición. Sabemos que na faceta política se atravesan distintas fases, que a democracia nos sitúa nuns lugares distintos. Teño que dicirlle que este equipo de goberno valora favorablemente o traballo que vostede fixo, por esta institución, polos traballadores desta institución, polos concellos da provincia, e polas distintas institucións, asociacións, desta provincia. A nosa felicitación e os nosos parabéns.

E de cara ao futuro, que eses camiños que lle dicía antes, sexan uns camiños de saúde, de paz, e de prosperidade para vostede e para a súa familia. Moitas grazas a vostede.

Sr. Bello Costa

No nome do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego, testemuñar tamén o mellor na súa vida particular, neses proxectos que supomos que o Sr. Rodríguez ten na cabeza para pór a andar, aínda os moitos anos que lle queden, pelexando por esa provincia única que nós consideramos que é Galicia, por ese territorio común.

Indubidabelmente, nós non podemos compartir, Sr. Rodríguez, esa laudatio final con que vostede remata a súa andaina provincial. De todas as maneiras, esta discrepancia democrática, estes puntos de vista diferenciados, non impiden, indubidabelmente, que nós recoñezamos o traballo de sete anos, traballo compartido co seu Grupo, e o traballo con moitísimas persoas, porque aquí, nos Plenos da Corporación, é como pasa nas televisións, nas cámaras saen os presentadores, pero por detrás hai grandes equipos.

Polo tanto, que teña vostede moito éxito na súa nova andaina, que comparta durante moitos anos amizades, que é o mellor que se pode sacar da política, e que esa visión que vostede ten das deputacións, indubidabelmente non a compartimos, pero non podemos converter a despedida do Sr. Rodríguez nunhas xornadas de debate sobre a deputación. En todo caso, grazas pola súa amizade tamén.

Sr. presidente

Ben, ía falar en nome da Corporación, pero, que máis podo dicir?. Quería agradecerlle a súa presenza e o seu traballo durante sete anos na deputación, con acertos ou con erros, estou seguro que sempre a intención era de mellorar o benestar e a calidade de vida dos cidadáns, e desexarlle éxito nas actividades públicas ou privadas que emprenda a partir de agora.

E se me permiten, porque non o podo evitar, e con agarimo: o Sr. Lagares vaino botar moito de menos moitas veces, pero o resto...! Moitas grazas.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. presidente

Hai dúas mocións presentadas sobre o mesmo tema: sobre a planta de engorde de peixes planos en Touriñán. Hai unha moción presentada do Grupo Popular e outra moción presentada do Grupo do BNG e do Partido Socialista. Eu proponho que votemos directamente, sen debate, a declaración de urxencia das dúas mocións, e despois, que cada Grupo presente a súa, e votámolas por separado, ou se alguén se quere adherir a unha, pois que vote o que lle pareza oportuno, pero como forma de tramitar estas dúas mocións, parécelles adecuado que votemos? Entón, por unanimidade, decláranse de urxencia as dúas mocións.

Como o Grupo Popular foi o primeiro que presentou a moción, ten a palabra o voceiro do Grupo Popular para presentar e defender a súa moción.

Sr. Rieiro Oreiro

Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, presentamos unha moción relativa ao engorde de peixes planos, rodaballo, en Touriñán, promovida por Insuiña, S.L., que é unha empresa de Pescanova. No seu día, Insuiña, S.L. formulou a súa idea de construír en Touriñán unha planta de cría de rodaballo, esta instalación xeraría bastantes postos de traballo, entre directos e indirectos, nunha zona deprimida laboralmente, e fomentaría o desenvolvemento económico de toda a zona. Eu creo que a Costa da Morte é unha comarca bastante deprimida, con moitas necesidades, cando estabamos nunha fase onde houbo moitos diagnósticos, creo que ao longo dos anos houbo moitos de cales eran as necesidades, e cando pensabamos que estabamos xa nunha fase de execución, de execución desas necesidades, pois resulta que volvemos outra vez á época de diagnósticos. Até agora esta planta era unha das cousas que había que facer na comarca, pero na comarca este inverno pasabamos por unha estrada onde parecía que estabamos nun camiño de carros; as faltas de enerxía eléctrica son innumerábeis, eu podería darvos fallos de días do mes de agosto que falla a enerxía eléctrica ao longo do día; as novas tecnoloxías, como é ADSL, creo que temos que esperar en moitas zonas a partir de 2008; a telefonía móbil en moitas zonas e algunhas empresas non se oe nada; os parques empresariais, era unha proposta, pero seguen aí; a televisión, creo que para o mundial á xente das aldeas traerémola ás cidades para ver se aquí poden ver a sexta, porque nós veremos a oitava, pero en negro.

En relación á planta de Touriñán, elabórase un proxecto, e este proxecto foi informado favorablemente polos seguintes organismos: Dirección Xeral de Urbanismo da Consellaría de Política Territorial, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Dirección Xeral de Costas, Consellaría de Medio Ambiente, Usos do Litoral e Actualidade Portuaria da Coruña. Antes da presentación deste proxecto, xa recibira o apoio dos concellos de Camariñas, de Corcubión, de Vimianzo, de Cee, de Cabana e de Zas, evidentemente, con distintas cores políticas porque esta planta non tiña cores políticas, senón que era unha necesidade para a comarca. A declaración de impacto ambiental foi emitida favorablemente pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellaría de Medio Ambiente, e publicada no DOG o 8-9-2005, tendo informe favorábel para iso da Dirección Xeral de Saúde Pública, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, de Augas de Galicia, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, da Dirección de Costas e do Concello de Muxía. Para pasar todos estes organismos, necesarios para esa planta, foi informada por unha serie de técnicos de distintas Consellarías, e o informe final é favorábel a esa implantación, se ben ao principio a produción era de 4.000 toneladas ao ano, polo impacto ambiental foi reducida a 2.500 toneladas ao ano. En relación a este estudo, presentouse unha única alegación pola Asociación Ecoloxista ADEGA, e soamente unha.

Se no ano 2005, o 8-9-05, este proxecto cumpría todos os requisitos necesarios para poder facelo, que cambiou desde o mes de setembro até agora para que non se poida realizar?, cambiou a lexislación? Non, a lexislación medioambiental segue sendo a mesma. Non entendemos que cambiou para rexeitar este proxecto.

Os informes non acostuman ser políticos, primeiro teñen que asinalos os técnicos, e son moitos os organismos implicados para que os informes non sexan totalmente reais e axustados á lexislación vixente. A pesar destes informes, actualmente aléganse motivos ambientais para non situala en Touriñán. Repito, creo que non cambiou nada en relación ao medio natural. Segundo o presidente de Pescanova, aínda que se están a estudar outras alternativas concreta que a localización preferente segue sendo Touriñán, pois é o único enclave no que se poden executar os plans de inmediato.

Este proxecto comeza en 2003. Son tres anos. Polo tanto, se ten que comezar noutro sitio... pois en 2009 ou 2010. Ademais a empresa reafirmou que os seus plans de expansión en Portugal seguen en pé a pesar da ilusión por sacar adiante un proxecto para o que contan con todos os informes favorábeis. A planta prevista tiña un investimento de 36 millóns de euros, en varias fases, até conseguir a produción final de 2.500 toneladas de rodaballo ao ano, dicía antes que a produción era de 4.000 e houbo que reducila para que non houbera impacto.

O rexeitamento por parte da Xunta de Galicia da instalación da planta de engorde de peixes planos (rodaballo) en Touriñán supón descoñecer o apoio na zona, evidentemente, estes concellos de distinta cor política, no seu momento apoiaban esta instalación, e apoiarán outras que se produzan tamén na comarca.

En consecuencia, o Grupo Provincial Popular, proponlle ao Pleno da deputación a aprobación da seguinte moción:

1º.- Solicitar á Xunta de Galicia que reconsidere a súa postura sobre o asunto e adopte cantas medidas sexan oportunas para a realización do proxecto e así conseguir que a granxa de cría de peixes planos (rodaballo) sexa unha realidade en Touriñán (Muxía).

Sr. presidente

Sr. Lagares, intervén vostede. Brevemente, que isto non é o Parlamento. Quero dicir que onte se debateu isto no Parlamento de Galicia, que é a institución que ten a competencia e cuxos representantes teñen a atribución de discutir estas cousas. Nada nos é alleo, porque somos cidadáns e vivimos aquí, pero non convertamos isto nun Parlamento para discutir cousas que foron discutidas onte onde tiñan que discutirse.

Sr. Lagares Pérez

Evidentemente, onte houbo unha resolución, unha aprobación dun proxecto, non de lei, que foi referendado polos Grupos Nacionalista e Socialista no Parlamento de Galicia.

Co máximo respecto, Sr. Oreiro, no inicio da súa primeira intervención dáme a impresión de que vostede non estivo en Galicia nos últimos 16 anos, ou se esqueceu, hai unhas lagoas...

Sr. presidente

Sr. Lagares, límitese a presentar a moción. E unha vez presentada, pois debatemos se se quere falar diso ou vótase xa, pero...

Sr. Lagares Pérez

Perdón, Sr. presidente, pensei que xa se debatía a moción en si, por iso, se o debate da moción é *a posteriori*, entón límitome a dicir que os Grupos Provinciais do Bloque Nacionalista Galego e do Partido dos Socialistas de Galicia, PSOE, do Grupo Provincial Socialista, tenden a man para o Partido Popular para a aprobación dunha proposta conxunta, que di:

MOCIÓN

PROPOSTA DOS GRUPOS PROVINCIAIS DO BNG E DO PsdeG PSOE AO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DO 25 DE MAIO DE 2006

A Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas para evitar que as zonas propostas para a Rede Natura 2000 –e outros espazos naturais protexidos- se vexan afectadas pola construción de Parques de Tecnoloxía Alimentaria. Entre as medidas incluíranse, de acordo coa directiva hábitats e lexislación vixente:

1º) A revisión do Plano sectorial na definición de zonas onde se localizan Parques de Tecnoloxía Alimentaria, evitando que afecte a espazos naturais protexidos.

2º) Á avaliación do estado actual das zonas da Rede Natura e definición das medidas destinadas á conservación, protección e melloras dos espazos.

3º) Buscar, a ser posible, a situación da planta de rodaballo na Costa da Morte.”

Isto sería a proposta, que facemos un aval o Grupo Nacionalista e o Grupo Socialista desta Deputación. Eu trataba xa de debater o contido, pensei que podía facelo. Pido desculpas.

Sr. presidente

Xa están presentadas as dúas mocións, as dúas coñécense, e agora se queren debater, debatan, abrimos o debate, eu rógolles que sexamos breves, ten a palabra o voceiro do Grupo Popular, Sr. Rieiro, para defender, se quere, a súa e debater sobre a proposta do Grupo Socialista e do BNG, e unha vez que acabemos este grupo de intervencións, someteremos a votación, ou unha moción, se se produce un acordo de debate, ou as dúas mocións.

Sr. Rieiro Oreiro

Nós consideramos que esta moción que presentamos é algo que estaba aprobado no seu momento para Touriñán, e que tardou tres anos en se desenvolver, desde o ano 2003, polo tanto non consideramos que agora mesmo se vaia redefinir onde se van situar eses novos sectores, ese plan sectorial tardaría tempo en se realizar. Polo tanto, nós consideramos que a planta debe ir en Touriñán porque cumprira todos os requisitos esixidos no ano 2005, e que eu saiba non cambiou a lexislación ambiental.

Sr. presidente

Sr. Lagares, ten a palabra. Agora si pode argumentar en contra da moción e defender a súa.

Sr. Lagares Pérez

Sr. Oreiro, co máximo respecto, como lle dicía ao inicio da miña primeira intervención, cando inicia a súa intervención pareceume que vostede estivo ausente os últimos 16 anos, onde houbo un goberno na Xunta con maioría suficiente, con maioría absoluta, do Partido Popular, e o que nos veu dicir é que, evidentemente, a xestión na Costa da Morte do Partido Popular non foi bo boa, non foi adecuada, e por iso os cidadáns da Costa da Morte e do noso país, de Galicia, apostaron evidentemente, por unha nova maioría, por unha maioría de progreso, que está a comezar a pór as bases sensíbeis.

Falábanos de que tiñan problemas de infraestruturas. Pois ben, recentemente o Sr. presidente da Xunta, o Sr. Pérez Touriño, e a Sra. presidenta da COTOP acaban de presentar no Castelo de Vimianzo, neste caso da Costa da Morte, acaban de presentar o Plan de penetración de infraestruturas, cun calendario, cun proxecto, e cunhas economías concretas para facer a penetración esa adecuada que vostede demandaba.

E falábanos, ou iso digo eu, de que había un problema na Costa da Morte, e haino, o problema principal, o desemprego, o problema da emigración da mocidade a distintos lugares. A ese diagnóstico hai que darlle un tratamento, e ese tratamento pode ser situar alí esta planta, esta piscifactoría dentro do Plan de parques de tecnoloxía alimentaria.

Pero eu quero dicir, e quero facer unha reflexión antes de falar das actuacións que tivo esta deputación alí, que indubidabelmente hai que retrotraerse ao tempo, vostede nos falaba do ano 2003. Este Plan de parques de tecnoloxía alimentaria, que son as granxas de cultivo de peixes, teñen o inicio aí, e teñen o inicio a través dun convenio da Consellaría de Pesca baixo o goberno do Partido Popular. Moitas destas granxas, neste momento algunhas delas, están xa en funcionamento, concretamente a granxa de SOLSENFAR en Lira, cunha vintena de traballadores, e que está a producir 1.200 toneladas de rodaballo. E claro, hai algunhas que estaban situadas en espazos indebidos, estaban situadas en espazos de “Rede Natura”, onde hai unha protección da Unión Europea.

Pero non só iso, teño que dicirlle, tamén historicamente, que o Partido Popular, *in extremis*, a última hora, como fixo con moitas cousas, o 22 de xullo de 2005, aproba os parques de tecnoloxía alimentaria, o conxunto de parques. E o que non se dixo aquí foi que non recibiu o informe favorábel de Medio Ambiente, do Ministerio a través de Costas, non nos dixo que a Dirección Xeral de Costas do Estado falaba dun impacto ambiental de tipo global, non parcial en cada piscifactoría, en cada situación da granxa correspondente; non nos dixo que houbo algún informe sectorial que non chegou a tempo neste Plan de parques de tecnoloxía alimentaria; tampouco se nomearon os dous contenciosos-administrativos que nestes momentos están presentados, hai un contencioso, presentado por un concello, onde se ían situar dúas granxas de rodaballo, e outro pola Asociación “Salvemos Pontevedra”; isto aquí non se dixo. Tampouco se dixo que a Unión Europea di que non pode facerse, -nese determinado lugar-, nós, na nosa moción, non somos excluíntes coa Costa da Morte. Nin o actual goberno da Xunta de Galicia, a través da súa Consellaría de Pesca é excluín-te coa Costa da Morte, di que esa zona está na zona LIC, a zona de interese comunitario, nunha zona de protección, e é como se quixésemos facer unha casa nunha zona verde, pois mira, non se pode facer, non está permitido pola normativa, se é unha cousa moi sinxela. Isto que acabo de dicir recóllese na directiva da Unión Europea nº 43 do ano 1992, relativa a protección ambiental.

Por iso, a Consellaría de Pesca, desde xaneiro do ano 2006 mantén cinco reunións con Pescanova, que é a empresa, a través dunha auxiliar, que vai facer a aplicación concretamente, e nestas reunións trátase de buscar, ben unha localización na propia Costa da Morte, ou ben noutro lugar, se non fose factíbel. A finais de marzo entréganse cinco localizacións posíbeis, que non teño a información para dar a este Pleno, porque o Gabinete da Consellaría de Pesca, do cal estou a facer a intervención, non me pasa as situacións, porque aínda non están definidas. O que si é que se está a negociar con Pescanova, e que en xullo se presentará o proxecto, que esperemos que

sexa na Costa da Morte, unha zona, como coñecemos todos, deprimida polo desemprego.

Ademais quero dicir que a Consellaría de Pesca e de asuntos marítimos comprométese a unha achega a fondo perdido do 50%, ben de fondos europeos ou ben de fondos propios.

E por outro lado, esta Deputación da Coruña non estivo calada, nin estivo sen feitos. No segundo goberno do Sr. Fernández Moreda como presidente desta deputación elabórase un plan estratéxico e créase unha asociación de impulso económico, que é a Asociación Neria, que segue en vigor, e que está a dar froitos o seu traballo, con crise, como teñen outras asociacións, pero que se está neste momento no bo camiño. Faise un Plan de dinamización turística neste exercicio, a través da Presidencia e a través da Comisión correspondente, da área de promoción económica, e aí temos os resultados á vista de todos.

Falaba da presentación das infraestruturas por parte da COTOP, que era unha materia pendente con esa zona. E non nos esquezamos de algo: vostedes teñen unha responsabilidade política de transformar un accidente marítimo do “Prestige” nunha catástrofe ambiental, a máis importante, con toda seguridade, de Europa occidental.

E nós aquí queremos dicir que seguimos no traballo, que seguimos tratando, desde a deputación, de pór o noso gran de area, que seguen as Consellarías, por exemplo, de Traballo e Medio Ambiente, que se vai facer un investimento proximamente de dous millóns de euros na zona Rede Natura, con elementos compatíbeis, porque a economía, Sres. do Partido Popular, ten que basearse nun desenvolvemento sostíbel, as economías teñen que ser con respecto ao medio natural, co espírito de Kioto, non dicilo coa boa pequena, non dicilo de palabra; facelo con feitos; o respecto que queremos para os nosos fillos e para os nosos netos do medio natural é algo importante, e non temos que ir no furgón de cola, temos que buscar ese desenvolvemento sostíbel, esas economías sostíbeis necesarias para a Costa da Morte, e que indubidabelmente o Partido Socialista foi e será o seu abandeirado.

Xa que logo, a votación do Grupo Provincial Socialista vai ser negativa en relación á moción que nos presenta o Partido Popular, polos argumentos que acabo de expor, e favorábel á proposta que propoñen os dous Grupos, Nacionalista e Socialista, con eses tres aspectos, e o terceiro quero recalco: buscar, a ser posíbel, a situación da planta de rodaballo, a granxa de rodaballo, na Costa da Morte. Espero que o Partido Popular se una á nosa proposta. Nada máis, moitas grazas, e perdón pola extensión.

Sra. Cea Vázquez

Eu, en nome do meu Grupo, o BNG, quero explicar os motivos polos que non podemos apoiar nin aceptar o texto presentado polo Partido Popular. Pero para debater

este tema é preciso facelo tendo moi presente o Proxecto Sectorial de Parques de Tecnoloxía alimentaria, que xa foi citado polo voceiro do PSOE.

En primeiro lugar, hai que dicir que este Plan sectorial de parques de tecnoloxía alimentaria é unha herdanza do goberno do Partido Popular, que foi tramitado, como xa se dixo, nos últimos meses da anterior lexislatura, e aprobado o 30 de xuño do ano pasado, cando o goberno da Xunta estaba xa en funcións. Temos que lembrar que o anterior goberno aprobou, nos últimos días do seu mandato, a construción, ou ampliación nalgún caso, de nove piscifactorías, que atentan contra a Rede Natura 2000, entre as que estaba a que nos ocupa hoxe.

E foi tal a precipitación con este Plan sectorial do que falamos que se fixo a súa tramitación sen os informes de Defensa, sen o de Costas, o de Urbanismo, e cun informe negativo da Dirección Xeral de Conservación da Natureza. E así, posteriormente á aprobación do plan, tamén Urbanismo emitiu un informe negativo que fixo que o devandito plan volvесе novamente ao último Consello da Xunta que celebrou o goberno en funcións.

Pois ben, é preciso coñecer estes datos porque estes son os antecedentes que temos que ter en conta cando falamos da planta de rodaballo en Touriñán. E nós, desde o BNG, queremos deixar claro que estamos a favor da acuicultura, a favor da situación de granxas de acuicultura no noso país, e a favor dun tecido empresarial galego neste sector; pero o que non podemos admitir é un proxecto incompatible coa legalidade vixente, porque as leis sobre o medio natural están para se cumprir, e non para ser violentadas impunemente.

Pensamos que hai que revisar este plan para evitar que o desenvolvemento da acuicultura afecte negativamente a outros sectores económicos, como é o caso que nos ocupa, onde a pesca e o marisqueo da zona se verían afectados pola construción desta piscifactoría.

Dicir tamén que somos coñecedores dos importantes problemas da Costa da Morte, da falta de emprego nesta zona, que precisa de atención e alternativas, e por iso a deputación está a apostar por esta zona, e así o seguirá facendo.

O Grupo Provincial do BNG quere que se busquen alternativas á situación preocupante da Costa da Morte, porque hai unha débeda coas xentes da Costa da Morte que temos a obriga de atender.

E por iso, asinamos hoxe, o Grupo Socialista e o Grupo do BNG, unha proposta con tres puntos, na que pedimos que se adopten as medidas precisas para que non se vexan afectadas zonas da Rede Natura 2000, e que se busque unha zona na Costa da Morte para a súa instalación, unha zona na que non se derrame o medio natural desa zona, pois do contrario estaríamos a actuar contra o seu medio de vida e contra a súa riqueza, e así non se solucionan os seus problemas.

Polo tanto, e como resumo da nosa postura, dicir non aos ataques ao medio natural, non ao incumprimento da legalidade, pero si á construción de piscifactorías e si á situación da planta de rodaballo na Costa da Morte, porque é de xustiza que así sexa. Moitas grazas.

Sr. Rieiro Oreiro

Primeiro contestar ao Sr. Lagares que me di se vivín aquí os últimos 16 anos, os 16 últimos si estiveron aquí; antes non, tiveron que ir a outros sitios.

Pero cando eu fixen a miña exposición dixen que se fixesen unhas análises, non citei grupos nin partidos, dixen que se fixesen análises, evidentemente antes da creación de Neria xa había un diagnóstico. Estamos a falar de hai 12 anos na Costa da Morte, un diagnóstico, e creouse Neria, pero máis tarde tamén se fixeron análises. Eu dicía que agora xa tiñamos que estar nunha fase de execución, non podemos seguir sempre coas análises, non podemos seguir sempre con papeis, iso é ao que estamos.

Vostede hai un momento falábame de que se presentou unha obra, ben, o que se nos presentou foi unha obra onde parte dela, -e dígollo como técnico-, parte dela, o corredor Carballo-Baio, estaba preparado para executar no ano 2005, en setembro. A obra dilátase até o 2007, até Cee, e vai comezar en 2007, e vai chegar até Fisterra, Sardiñeiro, vaise contratar en 2008; se iso non é dilación eu non entendo o que é dilación. Vólvolle dicir o mesmo, época de papeis, de cubrir papeis, pero obras non se executan.

Cada proxecto -e dígollo como técnico- era informado polos distintos organismos, neste informaron os técnicos, e pasaron todos os trámites, vostede fálame da dirección de Costas, tamén pasou a Dirección Xeral de Costas, o informe favorábel de Medio Ambiente. Por outra parte, creo que na Rede Natura hai certas cousas que se poden face e creo, concretamente que o de cultivos mariños non estaba prohibido.

Repito: se o proxecto ten todas as bendicións en setembro do ano pasado, que pasa? Non cambiou a lexislación; a lexislación é a mesma; cambiaron os motivos políticos, non outros. A comarca, repito, podemos diagnosticala calquera alcalde dos que estamos na comarca, son as necesidades, pero esta obra, si dispuña de todas as bendicións, por que agora volvemos a épocas anteriores?

Nós, por suposto, non estamos de acordo coa moción presentada polo Grupo Socialista e o BNG porque iso implica a demora dunha obra durante moito tempo. Repetía que este proxecto se iniciou no ano 2003 e non obtivo as bendicións até o 2005. Antes dicíase que por que a última hora, eu non podo dicir o momento de cando se aproba algo definitivamente, pero non se pode aprobar até que ten todas as bendicións de todos os organismos, todos os organismos tardan ás veces demasiado, e mentres non

se pode informar favorabelmente, e é posíbel que entón sería setembro de 2005 cando tería todas as bendicións.

Sr. Lagares Pérez

Brevisimamente. Non podo compartir as súas palabras parcialmente, porque aquí tivemos un goberno do Partido Popular durante 16 anos en Galicia, e que se fixo un plan, era un plan “virtual”..... “ímos facer as vías de penetración...”, “ímos facer este proxecto...”. E vostede, como técnico, ten que saber que podemos facer os proxectos, pero se non van acompañados das economías, dos investimentos correspondentes, é un plan ficticio, é un plan “virtual”. E iso foi o que pasou, estivemos a ser gobernados ficticiamente polo Partido Popular en Galicia. O pobo galego acaba de falar aínda non hai un ano, e xa pedimos que se faga todo o corredor completo; home, déanos un pouquiño de marxe, creo que mesmo non tardaron vostedes en dar os 100 días de cortesía ao goberno presidido polo Sr. Pérez Touriño.

E en relación aos informes, o que se me pasa aquí é: primeiro, que hai dous contenciosos administrativos presentados por un concello que o alcalde se sinta aquí, nesta cámara, e pola Asociación “Salvemos Pontevedra”, porque non queren, ese concello non quere as dúas granxas de rodaballo; segunda, a Comunidade Europea entende que estamos nunha zona LIC, de protección, de Rede Natura, que hai que buscar outro lugar, e púxenlle un exemplo moi simple: non podemos facer unha construción en zona verde; o que podemos facer na Rede Natura son construcións compatíbeis con elas, e hai unhas directrices da Unión Europea, concretamente recollidas no 43/1992.

Polo tanto, eu sígoos convidando a que compartan a nosa moción, a que compartan filosofía, de que as palabras, palabras, palabras, e os temas virtuais deixémoslos a un lado, que vaíamos aos feitos, que comeceamos a traballar seriamente, pola provincia e polo noso país galego, e que fagamos, indubidabelmente, o despegue por fin da nosa terra daquela “longa noite de pedra”, que nos dicía Celso Emilio Ferreiro, neste caso, en temas como o emprego. Moitas grazas.

A continuación, procédese á votación das dúas mocións.

En primeiro lugar, vótase a moción presentada polo Grupo Popular.

VOTACIÓN

Votan a favor: 12 deputados (PP).

Votan en contra: 15 deputados (10 –PSOE e 5 –BNG).

Abstéñense: ningún.

En consecuencia, non se aproba a moción.

Vótase a moción presentada polo Partido Socialista e o BNG.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (10 –PSOE e 5 –BNG).

Votan en contra: 12 deputados (PP).

Abstéñense: ningún.

Apróbase a devandita moción, cuxo texto é o seguinte:

MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DO BNG E DO PsdeG PSOE AO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DO 25 DE MAIO DE 2006

A Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas para evitar que as zonas propostas para a Rede Natura 2000 –e outros espazos naturais protexidos- se vexan afectadas pola construción de Parques de Tecnoloxía Alimentaria. Entre as medidas incluíranse, de acordo coa directiva hábitats e lexislación vixente:

1º) A revisión do Plano sectorial na definición de zonas onde se localizan Parques de Tecnoloxía Alimentaria, evitando que afecte a espazos naturais protexidos.

2º) Á avaliación do estado actual das zonas da Rede Natura e definición das medidas destinadas á conservación, protección e melloras dos espazos.

3º) Buscar, a ser posible, a situación da planta de rodaballo na Costa da Morte.”

Sr. presidente

Se me permiten, gustaríame dicir que seguramente a todos os que aquí estamos nos gustaría que a planta de rodaballo se fíxese na Costa da Morte, pero como dicía Guerra, o toureiro:”o que non pode ser, non pode ser, e ademais é imposíbel”. Non é unha cuestión de querer ou non querer; é unha cuestión de poder ou non poder; e parece ser que as normas de protección dese terreo faino inviábel, oxalá se busque unha alternativa, e oxalá esta planta de rodaballo quede instalada nalgunha zona da Costa da Morte.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión sendo as catorce horas, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu secretario, dou fe.